



<u>Acta número:</u> 10	<u>Pleno do Concello</u>	
<u>Data da sesión:</u> 23.07.2013	<u>Carácter:</u> Ordinaria	<u>Convocatoria:</u> Primeira
<u>Lugar:</u> Teatro Principal.		<u>Hora:</u> 11:10

Asistentes

Presidente/a: D. Miguel Anxo Fernández Lores

D^a María dos Anxos Riveiro Portela
D. Xose Cesáreo Mosquera Lorenzo
D^a María do Carme Fouces Díaz
D. Raimundo González Carballo
D. Vicente Garcia Legísima
D^a María Carmen da Silva Méndez
D. Xosé Luis Bara Torres
D. Demetrio Gómez Xunqueira
D^a María do Pilar Comesaña Hermida
D. Miguel Anxo Filgueira Touriño
D. Jacobo Moreira Ferro
D^a María José Rodríguez Teso
D. Ricardo Alfonso Heliodoro Aguilar Argenti
D^a Ana Isabel Vázquez Reboredo
D^a Beatriz García Riestra
D^a María Biempica Ortiz
D. Pablo Fernández López
D. César Alberto Abal González
D^a Rosa Encarnación Picallo Quiveo
D. Miguel Ángel Meijón Couselo
D^a Eloisa María Nogueira Garrido
D. Antonio Louro Goyanes
D^a Carlota del Carmen Román García

Secretario Xeral do Pleno: D. José Luis Mato Rodríguez

Interventora: D^a Blanca Vega Lorenzo

Non asiste: D. Agustín Fernández González

Constatada a existencia de quórum bastante para a súa constitución, o Sr. Alcalde-Presidente, declara constituída e aberta a sesión.

ORDE DO DÍA:

A) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR :

1.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 25.06.2013.

Dáse conta do borrador da acta da sesión extraordinaria de 25.06.2013, que é aprobado por unanimidade (24) e sen modificación ningunha.

B) PARTE RESOLUTIVA:

2.- RATIFICACIÓN DA FORMULACIÓN DE SUXESTIÓNS E OBSERVACIÓNS AO DOCUMENTO DE INICIO DE CONSULTAS AMBIENTAIS DO PROXECTO “CONEXIÓN NORTE DE PONTEVEDRA: PO-531-N-550”.

De orde do Sr. Alcalde-Presidente, polo Sr. Secretario dáse lectura ao ditame favorable, por unanimidade, da Comisión Permanente de Ordenación do Territorio, Infraestruturas, Obras e Servizos, de data 17.07.2013, emitido sobre a proposta do Concelleiro de Goberno delegado da área de Ordenación do Territorio, de data 15.07.2013, relativa á ratificación da formulación de suxestións e observacións ao documento de inicio de consultas ambientais do proxecto “Conexión Norte de Pontevedra: PO-531-N-550.

Seguidamente, realízase votación ordinaria, e o Pleno do Concello, por unanimidade (24), acorda prestar a súa aprobación á proposta do Concelleiro de Goberno delegado de Ordenación do Territorio e, en consecuencia, acorda:

Primeiro.- Ratificar o informe municipal emitido perante a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental en data 02/07/2013, no que se formularon como suxestións/observacións as contidas nos informes técnicos emitidos polo Enxeñeiro Xefe da OTMAIES, polo Arquitecto Xefe da OTPXU e pola Técnico de Medio Ambiente Natural en datas 05/06/2013, 18/06/2013 e 25/06/2013, respectivamente, que se remiten ao amparo do disposto nos art. 9 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Avaliación Ambiental de Proxectos (modificado pola Lei 6/2010, do 24 de marzo) para constancia no trámite de consultas ambientais ao Documento de Inicio do “Proxecto conexión Norte de Pontevedra: PO-531-N-550”.

Segundo.- Remitir certificación do presente acordo xunto con copia dos informes evacuados, á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

3.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE URBANISMO SOBRE DETERMINACIÓN DA PORCENTAXE DE RESERVA PARA VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA APLICABLE AO SECTOR DO SOLO URBANIZABLE B.3, “CAMPOLONGO”.

De orde do Sr. Alcalde-Presidente, polo Sr. Secretario dáse lectura ao ditame favorable, por unanimidade, da Comisión Permanente de Urbanismo e Medio Ambiente, de data 16.07.2013, emitido sobre a proposta do Concelleiro delegado da área de Urbanismo sobre determinación da porcentaxe de reserva para vivendas de promoción pública aplicable ao sector do solo urbanizable B.3, “CAMPOLONGO”, aproba-



da como proxecto de acordo pola Xunta de Goberno Local na sesión de 15.07.2013.

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra ao portavoz do grupo municipal do PSdeG-PSOE, don Antonio Louro Goyanes.

O Sr. Louro Goyanes: Gracias Sr. Alcalde.

Fago uso da palabra para explicar o que é un expediente que ten dado moitas voltas neste Concello. Debo dicir que cos informes dos técnicos municipais traemos esta proposta ao Pleno co obxectivo de manter a reserva de vivenda protexida prevista no urbanizable B3.

Non vou facer un relatorio de todas as incidencias que teñen pasado, sencillamente dicirlles que o urbanizable B3 vai ter unha reserva de vivenda protexida da orde do 20% de acordo ao que tiña inicialmente e que agora poderíamos reducir ese porcentaxe en función dos novos ordenamentos pero os promotores non queren iniciar de novo o expediente, con certo sentido común en esta cuestión, e prefiren facelo co 20% de acordo a un expediente que está en fase de tramitación e a iso se acollen.

O urbanizable B3, como ben saben, está ao carón de Campolongo, no entorno da rúa Rosalía de Castro e a Avenida Fernández Ladreda e Estrigueiras e limita ao sur co B4, ao oeste da AP-9, da autopista, é un urbanizable de case 25 mil metros cadrados, onde se prevé a construción de 125 vivendas unifamiliares e nada máis, soamente pedir o voto favorable do conxunto do pleno da Corporación para sacar para adiante un asunto que leva dando voltas dende o ano 2005.

Nada máis e moitas gracias, Sr. Alcalde.

Rematado o debate, o Pleno do Concello, por unanimidade (24), acorda prestar a súa aprobación á proposta do Concelleiro delegado da área de Urbanismo sobre determinación da porcentaxe de reserva para vivendas de promoción pública aplicable ao sector do solo urbanizable B.3, "CAMPOLONGO", aprobada como proxecto de acordo pola Xunta de Goberno Local na sesión de 15.07.2013 e, en consecuencia, acorda:

Primeiro.- Establecer a porcentaxe do 20% da edificabilidade residencial, como reserva para vivendas sometidas a algún réxime de protección pública, no ámbito do sector do Solo Urbanizable B.3, "Campolongo" mantendo a porcentaxe de vivenda protexida reflectida e repartida no Plan Parcial definitivamente aprobado por acordo do Pleno do 20.05.2005, ao abeiro da DTª 7ª da Lei 8/2012, da Vivenda de Galicia; do art. 47.11 b) da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, á que anterior se remite; e da DTª 1ª do Texto Refundido da Lei do Solo, aprobado por RD Lex. 2/2008; e unha vez publicados polo Instituto Galego da Vivenda e Solo as porcentaxes de reserva de solo para vivenda protexida para concellos de máis de 5000 habitantes.

Segundo.- Faise expresa remisión á proposta da Concellería Delegada de Urbanismo do 21.06.2013 aos efectos da motivación do presente acordo.

Terceiro.- Procederase, polo tanto, á execución do referido sector SU B.3, "Campolongo" segundo o Plan Parcial aprobado definitivamente por este Concello a 20.05.2005.

Cuarto.- Darase traslado deste acordo aos propietarios afectados incluídos no ámbito do Plan Parcial e demais interesados, publicarase no DOG, no BOP e na web <http://www.pontevedra.eu> para a súa constancia, e comunicarase á Administración Autónoma aos efectos oportunos.

4.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, PARA FACER PÚBLICO, A TRAVÉS DA PÁXINA WEB DO CONCELLO, DUN LISTADO DE PERSOAS FÍSICAS E XURÍDICAS QUE FACTURARON AO CONCELLO NO ANO 2012 MÁIS DE TRESCENTOS MIL EUROS.

O Sr. Alcalde-Presidente indica que os puntos 4 e 5, precisan a ratificación da súa inclusión na orde do día e a aprobación da urxencia, que tamén é necesaria para as mocións que non están na orde do día. Polo asentimento dos presentes (24), ratifícase a inclusión na orde do día e considérase aprobada a urxencia dos devanditos puntos.

O texto literal da moción presentada é o seguinte:

“Exposición de Motivos

Hai seis meses coñecíase que Pontevedra ocupa o último posto entre os Consistorios urbanos galegos segundo o índice calculado pola organización non gubernamental Transparency Internacional (TI), unha entidade dedicada a combater a corrupción nas administracións públicas.

O G.M. do Partido Popular deu canta no seu momento do por que dese resultado, amosando o practicamente nulo cumprimento que o Concello de Pontevedra fai da disposición da Lei de Contratos do Sector Público, que obriga a difundir a través de Internet o perfil do contratante de cada proceso licitador. A realidade é que hai moitos procesos de adjudicación e concursos nos que nunca se dá nada ou case nada de información.

Por este asunto foi interpelado o Alcalde de Pontevedra no Pleno, no que respondeu negando o indudable prestixio internacional da ONG autora do informe, e mesmo chegou a mostrarse orgulloso do resultado obtido, expresando o seu desexo, loxicamente despreciativo, de que o ano que ven o Concello estea aínda máis abaixo nese índice de transparencia.

Dende o Grupo Municipal pensamos xustamente todo contrario, e defendemos que o Concello debe abrir as súas portas e mostrar con toda claridade e transparencia aos cidadáns cómo se xestionan os seus recursos.

Por elo, débese comezar por facer público a través da web do Concello o listado de provedores e prestadores de servizos que traballan para o Concello, expresando o importe que factura cada un deles, alomenos daqueles que facturan ao Concello máis de 300.000,00 euros ao ano.

En consecuencia, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta, para o seu debate a aprobación polo pleno, da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Facer público a través da páxina web do Concello de Pontevedra o listado das persoas físicas e xurídicas que facturaron no ano 2012 ao Concello máis de trescentos



mil euros, expresando o nome do proveedor e o importe de facturación; e publicar nos anos vindeiros o listado correspondente ao exercicio anual anterior pechado."

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra ao portavoz do grupo municipal do PP, don Jacobo Moreira Ferro.

O Sr. Moreira Ferro: Gracias Sr. Presidente.

Un matiz, soamente dicir que a ratificación é das mocións que foron presentadas debidamente por rexistro antes do inicio do pleno e por suposto das comentadas na Xunta de Voceiros.

Paso polo tanto a expoñer a moción presentada por este grupo municipal.

Ben é sabido que o Concello de Pontevedra ocupa o último lugar no ranking de transparencia internacional, unha ONG adicada a estudar a transparencia nas Administracións públicas e dende logo que en materia de contratación ocupados ese triste lugar que foi noticia en moitísimos medios de comunicación.

Nós no seu momento, hai varios meses, interpelamos ao Alcalde de Pontevedra sobre esta cuestión porque nos preocupa que Pontevedra sexa a cidade menos transparente de España do análise realizado por transparencia internacional. A resposta do Alcalde neste pleno foi ningunear, tratar de desprestixiar a esta organización, simplemente por motivos derivados dos patrocinios e das colaboracións que recibía esta organización; patrocinios demonizados como o de REPSOL ou Telefónica, contra os que nós non temos nada pero que é certo que son tamén patrocinadores da Fundación PONS, fundación da que o Alcalde de Pontevedra non falou mal. Polo tanto, o problema non está nos patrocinadores senón na información que reflexan as organizacións que, neste caso, non gustaban ao Alcalde de Pontevedra.

A realidade é a que é e de feito dende o grupo municipal do Partido Popular nos atopamos todos los días con falta de transparencia en moitísimos casos: en primeiro lugar, non facer orzamento, porque sabemos que está establecida unha regra non escrita neste goberno pero que ten a súa aplicación práctica que é que soamente fan orzamentos nos anos pares, xa sabemos que no 2013 non toca facer orzamento e así tratan de confundir á poboación, acumulando partidas non executadas no exercicio anterior que se venderon no exercicio anterior como partidas que se ían facer e non se fixeron pero posteriormente se acumulan ao exercicio prorrogado do exercicio seguinte o cal, sen dúbida, ao sumar todas estas partidas, parece que o orzamento é un orzamento que se incrementa pero realmente é un orzamento que inclúe compromisos que non se executaron no exercicio anterior. En recadación tamén hai falta de transparencia, vostedes anuncian que van recadar, por exemplo en materia de multas, 1.300.000 euros e ao final o que recadan e 1.800.000 euros. Falta de transparencia tamén en non facilitar ao grupo municipal do Partido Popular os informes xurídicos e as sentenzas que van á Xunta de Goberno e a pesar de que este grupo o solicitou por escrito pero non se lle facilitaron estes informes, polo tanto, á vista das actas que se colgan na páxina web da Xunta de Goberno non se pode sacar ningunha conclusión sobre os acordos que se levan a cabo no ámbito da Xunta de Goberno, soamente o título, o relatorio da orde do día. Falta de transparencia tamén en ocultar o pago de intereses de demora, quero lembrar agora que me acorde, por exemplo, 54 mil euros a INDEZA ou 40 mil euros a Hydros Civil a empresa que executou as obras da Avenida de Marín e son intereses que se deben a que o Concello

de Pontevedra non pagou en prazo as facturas, é dicir un sobre custo derivado da falta de xestión e dilixencia do goberno de Pontevedra, estes son cartos que poderían utilizarse para outras partidas pero temos que pagalo para indemnizar o retraso no pago do Concello ás empresas. Falta de transparencia tamén é ocultar que o 10% da subida do IVE se debe a que vostedes levan máis de dez anos sen actualizar a ponencia de valores no catastro. Falta de transparencia en crear unha nova dedicación exclusiva sen pasar polo pleno, vía decreto. Falta de transparencia en ocultar perdas de subvencións como unhas que denunciámos dende o Partido Popular para o centro de información da muller. Falta de transparencia en modificar a terminoloxía do recibo de Aquagest e ao final cobrar por duplicado a taxa de depuración. Falta de transparencia á hora de prorrogar irregularmente contratos como os de xardíns ou os das piscinas de Campolongo. E o Sr. Lores segue obsesionado en manter completamente ocultas cuestións que, evidentemente, a el non lle resultan agradables e non quere anunciarlas, verdade que é máis agradable anunciar noticias boas para Pontevedra pero creo que tamén a transparencia se gaña día a día anunciando o positivo e o negativo porque ao fin e ao cabo os cidadáns o que queren e facerse unha visión conxunta de cal é o estado da xestión do Concello de Pontevedra e que se fai cos recursos do Concello de Pontevedra.

O Alcalde Lores anuncio no seu momento, antes das eleccións, compromisos en obras e logo os cancelou, simplemente para poder liberar cartos para outras actuacións. Anuncian, tamén, que o Concello no 2012 pechou con superávit e logo nos enteramos a través do Ministerio de Facenda que o Concello pechou o 2012 con déficit. Falta de transparencia en anunciar que xa superamos o plan económico financeiro e a realidade é que o plan económico financeiro segue prorrogado, é dicir seguimos estando tutelados pola Xunta de Galicia nas contas do Concello de Pontevedra. Falta de transparencia en anunciar, tamén publicamente, aos afectados polas preferentes que van pechar contas bancarias en Novagalicia Banco, que moven un millón de euros e ao final o saldo que teñen estas contas supón soamente, a exercicio pechado, 66 mil euros, en todo caso o movemento non chega anualmente ao medio millón de euros. Falta de transparencia tamén en ocultar que se estiveron pagando facturas a unha filial de un grupo multinacional por servizos sociais que non se prestaron, isto me parece moi grave pero tamén creo que é necesario que os cidadáns o saiban.

Polo tanto, pensamos que é hora de comezar a abrir as portas do Concello e, Sr. Lores, vostede ten que reaccionar ante esta sucesión incesante de evidencias que amosan por que Pontevedra ocupa o último lugar en transparencia, o primeiro paso que propoñemos, haberá que dar máis pasos pero o primeiro debería ser colgar na páxina web o listado de facturación de empresas que traballan co Concello de Pontevedra, para que calquera cidadán simplemente, dende a súa casa, apretando un clic poida saber canto lle facturou cada empresa ao Concello de Pontevedra, poñamos como entendo que hai partidas moi pequenas que sería un listado interminable, podemos poñer, por exemplo, que se publiquen as máis relevantes, por exemplo as que facturan máis de 300.000 euros ao ano.

Nós na nosa moción especificamos persoas físicas e persoas xurídicas porque tamén hai persoas físicas que facturan pero se hai algún impedimento por motivos de protección de datos dende este grupo municipal non hai ningún inconvinte en que o texto da moción se modifique no sentido de dicir que, “previos os informes oportunos e de acordo coa legalidade se publique o listado de provedores do Concello de Pontevedra”, ordenados, creo que o máis útil para os cidadáns e que sexan ordenados



de maior a menor por importe de facturación.

Creo que sería un gran paso, Sr. Lores, creo que os cidadáns llo aplaudirían, sería positivo e demostraría que non hai nada que ocultar. Nós, que quede claro, non estamos sembrando ningún tipo de dúbida como vostede parece dar a entender que estamos buscando algo raro, todo o contrario, precisamente o que queremos e eliminar calquera tipo de dúbida dos cidadáns na Corporación municipal.

Polo tanto o texto da nosa proposta quedaría modificado no sentido comentado de que, previos os informes legais oportunos se publique o listado de provedores.

Nada máis e moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Moreira.

Sr. Louro ten a palabra.

O Sr. Louro Goyanes: Gracias, Sr. Alcalde.

O grupo socialista está a favor da máxima transparencia e limpeza en todos os procesos e tamén obviamente nas adxudicacións de obras e servizos. O que non podemos compartir, Sr. Moreira, é que haxa falta de transparencia nos termos en que vostede acaba de relatar, porque vostedes fai un relato de falta de transparencia e se un se deixa levar pinta vostede un paisaxe tremendamente escuro e eu, sinceramente, creo que non temos por diante unha paisaxe escurantista nin escuro, creo que a transparencia nas adxudicacións de obras e servizos é unha práctica habitual no Concello de Pontevedra, nesta Administración, non podo crer o que vostede di. Dígolle unha cousa, se algo podemos mellorar, mellorémolo, recollamos calquera suxerencia e trasladémola pero en todo caso creo e dubido moito que esta moción aporte algo, o que pode aportar esta moción, Sr. Moreira, é alonxarnos da realidade e crear dúbidas e é crear confusión e esta é a razón pola cal nós non podemos apoiar esta moción.

Dígolle máis, probablemente esta moción teña un mellor encaixe na Deputación Provincial, ou teña un mellor encaixe no Parlamento de Galicia, instando ao goberno da Xunta a que opere nos termos en que vostede plantexa e, polo tanto, aproveito a ocasión para anunciarlle que o Partido Socialista a través do grupo provincial na Deputación, presentará unha moción que poda mellorar, que poda contribuír a impulsar e a mellorar a xestión transparente no ámbito provincial, no ámbito da deputación e a xestión transparente nos distintos ámbitos do goberno de Galicia.

Lamento non coincidir nin no fondo nin nas cuestións concretas que vostede planteaxa pero creo que sería e é malo dicir que o Concello de Pontevedra e o goberno de Pontevedra é un goberno escuro, porque creo que iso alónxase da realidade.

Nada máis e moitas gracias, Sr. Alcalde.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Louro.

En representación do grupo municipal do BNG, ten a palabra don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo.

O Sr. Mosquera Lorenzo: Moitas gracias, Sr. Alcalde. Bos días a todos e a todas.

Ben, se me permite despois de este relato que ven a sumarse a todas unhas decla-

racións públicas do portavoz do Partido Popular, eu por motivos médicos teño sangue no ollo porque me operaron pero é por motivos médicos e parece que o PP ten sangue no ollo por unha irritación profunda, verdade e metendo cornadas contra todo o que se move, contra todo o que se move nunha dimensión francamente desafortunada, moi desafortunada.

Mire, sexamos claros, o Concello de Pontevedra é dos poucos no que a oposición está nas mesas de Contratación, caso case único, polo tanto transparencia máxima. O Concello de Pontevedra ata que unha desafortunada lei o prohibiu todos os grupos municipais estaban nos tribunais de oposicións. Hai uns consellos territoriais de participación, asembleas, creo que trátanse todas as mocións, etc., e aquí hai toda a transparencia do mundo, toda, isto non é digamos unha Administración tan grande para que haxa que ter ese coidado e demais coa páxina web, que agora falaremos dela.

É tan transparente isto que se me permite o símil, antes había unha felicitación ao servizo de limpeza que era cando unha porta de vidro estaba tan limpa que chegaba alguén e se esnafraba contra ela porque non a había, parece que a situación súa, a situación do PP aquí é esa, estamos nun Concello transparente absolutamente e que queren buscar o que non hai e o que fan e pegar couces contra a porta, porque hai toda a transparencia non a dan visto, é tan transparente que non a dan visto, vostedes, con esa mente que non lle permite entender que poida haber unha administración tan transparente. Citou, tivo a osadía de citar que un acordo plenario no que se votaban as exclusivas e resulta que é escuro, un acordo plenario que foi nos orzamentos e resulta que é escuro, despois foi aos xulgados, perde como era lóxico, non resolve politicamente o que tiña que resolver e a solución é chamarlle cacique ao Alcalde, ¡ala aí vai! os fouciños contra a porta. Despois ata nos chaman covardes e a última é unha gran pirueta, ao propósito desta moción por certo, meter a Bárcenas no debate político municipal, realmente, non sei, busque o símil que queira, ten unha porta mire é transparente ábrea ou senón tal, non, se pega una fouciñazo destes dos extraordinarios. A todo isto, intentando insultar a Raimundo González Carballo, cando a web é unha cuestión de réxime interior e a leva outro concelleiro, pero como tocaba alá metemos a Bárcenas e metémonos con quen non lle corresponde, ala que para iso estamos tirados ao monte.

Mire, xa lle explicou o Alcalde, o que significa para nós transparencia internacional, non imos a reiterar, moita ONG hai por aí que despois se demostrou o que había con respecto a ela. Mire, en todo caso non vai a estar ao ditado de alguén que vive de iso e todos os que están aí viven ben, moito mellor que os que estamos aquí, por encher unha páxina web ou non, é unha parte mínima, absolutamente mínima, porque vamos creo que é moito máis relevante que se colgas alí unha información que pode ser perfectamente nin tan sequera válida ou non se colga, é moito máis relevante que a oposición estea na mesa de contratación ou que se dea conta a toda a cidadanía de a quen se lle contrata e por canto como se fai sempre, transparencia toda, todo o problema é que hai disfrazada de ONG un grupo de presión que quere.., non vai traballar a maquinaria municipal para iso, non vai, se lle gusta ben e senón lle gusta tampouco, por que?, porque hai moitas máis cousas que facer, entón non vamos a andar bailando auga. Unha organización, por exemplo, que pon a cidades como Santiago máis transparente, será transparente a corrupción que hai alí, será o que é transparente. Para vostede non, o Concello de Pontevedra non é transparente, o Concello de Pontevedra é prístino é dos máis transparentes que poida haber, vostede non ten coñecemento de outras administracións ou non quere telo ou se está



confundindo. Vostede mesmo se dá conta que parte da información que demanda pois igual roza ou pode ir en contra da lei de protección de datos; dende logo pode estar seguro que por parte deste goberno nunca se deu orde de que se ocultara absolutamente ningunha información.

Xa o rizo, xa sublime é que todos sabemos que a páxina web do Concello e mellorable, pois claro que si, pero para melloralala hai que meterlle máis recursos, o goberno pon unha cantidade que son uns 28 mil euros ao ano con IVE para soste a páxina web, estima que hai outras necesidades, que hai outras demandas e como era aquilo de en casa do ferreiro coitelo de pau, entón entre axudarlle a unha sección deportiva para que vaia a un campionato, preferimos facer iso a dedicarnos a ter toda a información que pretende esta organización. Ben, sorpresa, emenda ao orzamento do Partido Popular, mantemento web municipal, suprimir a partida, ou sexa empeoralala, empeora e nos ven dar a vara, obviamente se quita recursos para mantela, telo aquí, supoño que se acordará. Entón por un lado pretende empobrecer a páxina web e, por outro lado, hai un gran problema de transparencia que a páxina web non está todo o ben que debería estar, de verdade que o vexa o demo e veña o demo e o vexa. Todo, todo, con unha única finalidade que é intentar lanzar sobre o Concello e dar unha imaxe do Concello absolutamente negativa cando vostede sabe e o disfruta, no sentido de que vai ás mesas de contratación e aquí hai a máxima transparencia.

Falta de transparencia que lle demos informes a vostedes das sentencias antes de telas en Xunta de Goberno que é quen ten que tomar as decisións, por favor, cousas de este tipo. O relatorio que fixo é realmente inenarrable, de todas maneiras case estamos preocupados porque no último informe que aparece de esta organización resulta que subimos postos, non é que fixéramos nada para subilos, simplemente que se vai metendo información, ou sexa melloramos a ratio, inda non pasamos por riba de Santiago co cal di moito do prestixio desta organización e da seriedade con que organiza iso.

Miren, a nós o que nos preocupa é que esta cidade está posta no mapa, que hai moitas cousas que facer, colaboren, por favor, colaboren en facer que esta cidade afronte os problemas que ten, que vaia por esa ruta. Mesmo onte aparecía no medio de comunicación unhas expresións extraordinariamente eloxiosas cara a Pontevedra de un señor que é transcendente nos medios de comunicación que é Luís del Olmo; ou aparece, por exemplo, nos medios de comunicación, non na tele galega, claro, evidentemente aí nunca aparecerá nada bo de Pontevedra. A propósito de esta información da que fala, as capitais de provincias máis saneadas de todo o Estado, son Bilbao, Huesca e Pontevedra, pois despois de todo iso que nos veña con esa historia, iso é o que lle fastidia, que este sexa un goberno transparente que ten unha xestión económica brillante, non é certo que teña déficit pero vostede dálle que che pego, fai todo un relatorio francamente desafortunado que o único que demostra é esa negatividade que creo que non axuda nada a Pontevedra nin axuda a nada a vostedes.

Obviamente vamos a votar en contra da moción, tanto polo texto en si como pola intención que realmente é perversa como vostede xa dixo e que realmente a describiu vostede moi ben cando a asociou con Bárcenas. Bárcenas tiña na páxina web a declaración de bens e era prístina, transparente, na páxina web, pero a realidade era outra totalmente distinta, polo que se ve e polo que se está demostrando, vostede mesmo o meteu, polo tanto vamos a votar en contra.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Mosquera.
Algunha outra intervención?. Sr. Moreira, ten a palabra.

O Sr. Moreira Ferro: Gracias, Sr. Presidente.

Hai unha ONG que é transparencia internacional que é a que di iso eu non me invento nada, simplemente fágome eco do balance de esa ONG, vexo un índice nunha organización reputada internacionalmente que ninguén cuestionou, ninguén menos o Alcalde de Pontevedra porque dende logo que non lle gustaba o último posto que ocupa no índice, dicía que era polo patrocinadores pero se ve que os patrocinadores lle gustan para outro tipo de asuntos de outras fundacións.

Entón, os feitos falan por si solos e eu remítole á páxina web do Concello, calquera que queira saber os acordos que se adoptan en xuntas de goberno non ten máis que ir á parte das actas da xunta de goberno onde non se transcribe, xa non digo o texto de todo o que se fale, que entendo que iso ten que ser confidencial, pero o texto dos acordos da xunta de goberno deberían ser públicos e non están, soamente colgan a orde do día, iso costa o mesmo escanear a orde do día que escanear a acta, non é por problema de xestión, nin de medios humanos, nin de medios técnicos.

Insisto, o lugar ocupado en materia de transparencia é gañado a pulso, pero gañado a pulso, eu no demostrei nos medios de comunicación no seu momento e, particularmente, no perfil do contratante, imprimín hoxe o listado de licitacións abertas ou en curso, sabe que licitacións están abertas segundo a súa transparencia, pois por exemplo a adecuación de local para centro social en A Parda que creo que xa o inauguraron hai tempo, a instalación da iluminación ornamental durante as festas de verán e do Nadal de 2012 e entroido do 2013, quero pensar que xa se adjudicaron antes de que foran as festas, non creo que pasara como con aquelas rotondas ou con aqueles xardíns que fixeron as obras e logo fixeron o proceso de licitación. Está tamén, como licitación aberta, o arreglo da estrutura, de fachada e de cuberta da Casa Consistorial, non quero pensar que esa empresa está facendo as obras enteiras sen adjudicar o contrato, pois está é a súa transparencia, entón teñen que corrixir estas eivas porque dende logo que por problemas económicos non é, Sr. Mosquera, non é por problemas económicos senón por deixación ou polo interese que creo que a realidade e manter a opacidade do goberno local e dos asuntos que atinxen aos recursos económicos do Concello de Pontevedra.

É que o movemento se demostra andando e pódolle dicir que hai outros concellos en España que publican sen ningún tipo de rubor o listado de empresas que facturan co seu Concello, por exemplo o Concello de Ermua publica literalmente o texto dos impresos do modelo 347 de Facenda e aí sae todo o mundo e non creo que a ningún cidadán lle pareza mal, e supoño que se o goberno publica iso é porque lle parece lóxico que os cidadáns teñan acceso por ese índice a toda a facturación e provedores que teñen o Concello no que eles tributan, no que os cidadáns tributan e creo que é lexítimo que os cidadáns saiban que se fai con cada euro que xestiona o seu concello.

Vostede fala de que estamos nas mesas de contratación, é certo, hai moitos máis concellos nos que a oposición está na mesa de contratación, iso non o dubide, hai moitísimos máis concellos pero hai que saber unha cousa e que os importes contratados por vale directamente non van á mesa de contratación e vostedes saben e nos



sabemos que hai empresas que facturan miles de euros sen que iso pase por mesa de contratación, vale a vale van sumando miles de euros, lo sabemos. Fíxense vostedes como será a historia que hai uns anos trouxeron vostedes a este pleno un recoñecemento extraxudicial de practicamente 10 millóns de euros de gasto irregular, creo que a cousa non é como para tomala a broma, aquilo foi un escándalo. Vostedes teñen un legado aí de xestión que está á vista de todo o mundo e esta ONG o único que fai é facer eses estudos igual e supoño que co mesmo raxeiro que o fan cos outros concellos e vostedes e nós, porque nós formamos parte da Corporación, saímos moi mal parados.

Eu poderíalle dicir que anunciar superávit e incorrer en déficit, isto non o di o Partido Popular senón que son os datos que vostedes mandaron ao Ministerio de Facenda e pódolle dicir que iso é non ter credibilidade, pero non llo quero dicir; podería dicir tamén que anunciar que vas recadar 1.300.000 euros en multas e logo racadar 1.800.000 euros é non ter credibilidade pero tampouco llo quero dicir; pódolle dicir que anunciar obras como o Museo da Historia ou o refuxio de animais, inversións millonarias, e logo non cumprilas, botarse atrás, despois das eleccións, despois de enganar aos cidadáns nas eleccións poderíalle dicir que iso é non ter credibilidade pero tampouco llo quero dicir; e poderíalle dicir moitísimas máis cousas pero os feitos están aí e falan por si solos.

Mire, o tema da páxina web non é un problema de tema económico, hai aplicacións gratuítas no plan Avanza nas que se permite simplemente con código aberto poder sacar esa información e non supón ningún custo para o Concello. Non entendo que non teñan 130.000 euros para manter o equipo de inclusión social pero teñen sen embargo cartos para pagar servizos que non presta unha empresa multinacional a persoas que están en situación de dependencia ou que teñan cartos para comprar un multa móbil. Mire, 68 millóns de euros, ou sesenta e pico millóns de euros, ou oitenta e pico millóns de euros como din que incrementa o orzamento pois creo que debe haber algunha partida para isto, se é problema de cartos que insisto non é problema de cartos.

Ao final a min o único que me chama a atención é que vostede se empeñen en manter a opacidade do Concello de Pontevedra, iso é o que nos preocupa a nós, Sr. Mosquera, tamén hai falta de transparencia porque a min moitos cidadáns me preguntan a que se dedica vostede que ten que facer un plan xeral e non fai un plan xeral, ven aquí a facer de avogado do seu compañeiro, triste papel, porque vostede ten unha competencia que é facer un plan xeral e non o está executando, entón a xente tamén pregunta que fai o goberno, se vostede fixera un plan xeral eu tería que calar a boca porque diría o señor tiña un cometido e o fixo, pero non o está facendo.

Entón, a falta de transparencia non a inventa o Partido Popular senón que está aí, está consultando a páxina web con moitísimos episodios dos cales eu simplemente fixen un pequeno relato da cantidade innumerable de casos de falta de transparencia e está en que se vostede para agora a un cidadán e lle pregunta se sabe cales son as empresas que máis facturan ao Concello de Pontevedra ninguén llo sabe dicir e o desexable sería que calquera puidera saber iso sen que iso implique ningún tipo de sospeita de nada, todo o contrario, precisamente isto se fai para eliminar calquera tipo de sospeita, creo que no futuro cando se aprobe a lei de transparencia isto xa será obrigatorio pero me gustaría que o Concello de Pontevedra se anticipase e fora transparente ante os cidadáns.

Nada máis e moitas grazas.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Moreira.
Algunha intervención? Sr. Mosquera, ten a palabra.

O Sr. Mosquera Lorenzo:

A ver, non é por levantar ningunha sospeita despois de soltar un relatorio de opacidade, non sei que, que todo o que ven son erros na páxina web que xa se recoñecen. Mire, Sr. Moreira non sei que diferenza hai, fíxense vostedes a diferenza, non sei que diferenza hai entre dar a información por rolda de prensa a todos os medios de comunicación e demais, e se iso non é transparencia que chega a moitísima máis xente que a páxina web, o estar na mesa de contratación e demais.

Vostede sabe de sobra cales son as empresas que facturan esas cantidades, creo que o sabe de sobra, polo tanto mellor non lle damos máis voltas. Hai algo que francamente non nos gusta, pregunta vostede que estamos facendo, o argumento ad hominem, ou sexa ten vostede unha serie de recursos moi pobres, sempre dando voltas, non quero dicir pero digo, se quere diga e senón non, está dicindo e demais.

Este goberno intenta, coa máxima transparencia demostrada na práctica non con rolos destes, que a Administración municipal funcione e que Pontevedra pasou de ser unha cidade francamente átona, triste e desgraciada a unha cidade que está posta no mapa e que é un referente en cantidade de ámbitos do modelo urbano e de todo o Concello, iso é o que non soporta, van mal, o seu deber como oposición e colaborar a que isto funcione, a que esta liña que din vostedes que a comparten, non sei se a comparten ou non, temos moitas dúbidas á hora da verdade, que vostedes colaboren coas súas críticas e as súas aportacións a que vaia. Houbo un detalle, creo que sumamente importante, creo que este goberno entendeu, cando foi o premio Intermodes, que non era un premio ao Alcalde e ao goberno, era un premio á cidade e se lle convidou a ir, estiveron dudando e ao final decidiron non ir, non facer ningunha manifestación pública e engancharon esta liña de meterse con todo e falar contra todo o que ande dando unha imaxe negativa de Pontevedra e do Concello, creo que se enganan porque non corresponde á realidade para nada, engánanse profundamente, e non é boa nin para vostedes nin para a cidade esta deriva tan montaraz que colleron, que antes lle dixen unha serie de exemplos nos que se esnafraron contra a realidade e contra as súas propias declaracións e seguen, e seguen, alá vostedes, nós non podemos ditarlle a política que teñen que facer pero cremos que están profundamente equivocados e dálle co sonsonete de falta de transparencia e non sei cantas cousas, pero onde está?, nuns erros na páxina web, ese é todo o problema de transparencia de Pontevedra?, ese é todo o problema?, parece que é o único problema que hai, xa se recoñece, vostede mesmo quería cargarse e que funcionara peor, nunca houbo unha orde política sobre iso, nunca, e medido por un cuestionario, vostedes coñece o cuestionario que pasa esa suposta ONG?, é absolutamente formal, calquera día, non se lle ocorreu, por que non se lle ocorre nisto da transparencia que temos que facer todos a estupidez de facer pública a declaración de bens, xa sabemos que non vale para nada, todos estamos convencidos de que non vale para nada, non o engancharon por aí, isto é do mesmo calibre, máis ou menos do mesmo calibre.

Aquí se todo o mundo está claro que non ten ningún interese espurio nin anda con cousas raras, iso non é transparencia, agora senón está colgado non sei que na pá-



xina web entón falta, por favor, ese é o motivo para seguir sementando dúbidas e dando unha imaxe e demais. Non sei, creo que é a TVG, vostedes e a TVG e a TVG e vostedes o que lle marca esa liña, tamén cando foi a Intermode non saíu, unha serie de cousas disparatadas nun medio de comunicación público que resulta que non sei se chaman á sede do PP e demais, entón é a liña, a liña é Pontevedra é un terror, vai mal, un caos e demais, esa é a súa liña, esa é exactamente a súa liña e non é certo, Pontevedra ten un problema gravísimo coa situación económica xeral e ten problemas de xestión, claro que os ten, pero non de transparencia nin nada que se pareza, e moito menos de non ter un goberno con impulso e que sepa a onde vai e que adopte medidas como hai que adoptar. Falta de transparencia, a estas alturas, co cambio económico que houbo que se anunciaba un novo plan, suprimir o Museo da Historia e máis o refuxio de animais, esa é unha decisión responsábel ou están os tempos para gastarse 15 millóns de euros entre unha cousa e outra, cando hai miles de necesidades e non houbo anunciado plan que se anunciara que ía a haber outro plan de aquela plan E. Claro que se adoptan as decisións que hai que adoptar, con total transparencia, anúnciase antes incluso de que se fagan os trámites, está todo o mundo enterado do que facemos, non sei onde ve esa opacidade.

Moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Mosquera.

Sr. Moreira, ten a palabra.

O Sr. Moreira: Gracias, Sr. Presidente.

Xa para pechar, Sr. Mosquera, eu voulle contar a título de exemplo, caso de asfaltado dun tramo de Benito Corbal, levan vostedes vendendo esta actuación creo que hai un ano ou máis de un ano, nun primeiro momento dicían que ían a ser 60000 euros, nós dixémoslle que ían a ser 166000 euros, vostedes insistían en que ían a ser 60000. Logo nós dixemos cal era o tramo que se ía a facer e que é simplemente igualar con pichi ou con adoquíns unha acera coa outra, ese é o cambio de Benito Corbal, vostedes seguiron dicindo que non, que non se ía facer porque ían a estudar a peatonalización de outras rúas adxacentes e entón o proxecto dependía do que se ía facer con esas rúas, nós seguíamos dicindo que o que se ía facer era o tramo de Benito Corbal e de 166000 euros e que senón se facía nese momento era porque vostedes non tiñan partida orzamentaria, por que?, porque non aproban o orzamento, por que? porque era ano impar e, polo tanto, vostedes só aproban o orzamento nos anos pares, e dicían que non que tiñan partida orzamentaria, primeira falta de transparencia, dicir unha cousa cando non se teñen cartos, ven como ten consecuencia non facer orzamento, estiveron liando aí enganando á xente e aos veciños. Logo dixeron que ían a estudar a peatonalización de varias rúas e, ao final, o que din e que van a asfaltar un tramo de Benito Corbal, que vale 166000 euros unha vez que se aprobou a modificación orzamentaria, esa é a falta de transparencia, por exemplo, á que me refiro eu, non dicirlle aos cidadáns dende o principio que é o que hai e que é o que non hai, vostedes ían facer iso cando tiveran cartos porque non tiñan partidas liberadas, tiveron que cancelar outros compromisos electorais, porque aquí tamén hai que dicir que moito cambiou a economía nun mes porque antes as eleccións municipais tiñan cartos, quince millóns de euros para gastar niso e moito máis e non sei que pasou que nun mes despois das eleccións veuse abaixo a economía de Pontevedra, entón a partir de aí houbo que replantexar toda a configuración, as contrata-

cións e os proxectos previstos, debeu de ser o big bang económico o día das eleccións, non hai outra explicación, non pasaron dez anos, pasou un mes. Entón, é un exemplo de falta de transparencia, entendo que vostedes se queira ir polos cerros de Úbeda porque entendo que este tema non é cómodo, aínda que para o Sr. Lores vivir na opacidade é moi cómodo.

En canto aos premios, Sr. Mosquera, unha puntualización se olvida vostede do premio Pablo de Tarso a mi me parece un feo, o Instituto Mexicano de Evaluación, non mencionar isto, parece como se se avergoñaran deste premio.

Nada máis e moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Moreira.

Incidencias.- Auséntase da sesión don Vicente García Legísima.

Rematado o debate, sométese a votación a moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular, votando a favor 11 concelleiros (os 11 concelleiros do grupo municipal do Partido Popular) e en contra 12 concelleiros (os 10 concelleiros presentes do grupo municipal do BNG e os 2 concelleiros presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE), polo que o Pleno do Concello, por maioría, acorda rexeitar a moción do grupo municipal Partido Popular para facer público, a través da páxina web do Concello, dun listado de persoas físicas e xurídicas que facturaron ao Concello no ano 2012 máis de trescentos mil euros.

5.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE REXEITAMENTO E CONDENA DO TERRORISMO, E EN PARTICULAR O LEVADO A CABO POR RESISTENCIA GALEGA E DE SOLIDARIEDADE COAS VÍTIMAS.

Incidencias.- Reincorpórase á sesión don Vicente García Legísima.

A ratificación da inclusión na orde do día e a declaración da urxencia foi realizada no punto 4 da orde do día.

O texto literal da moción presentada é o seguinte:

“Exposición de Motivos

A partir do ano 2006 Galicia está padecendo violentos actos de terrorismo cuxa autoría a banda Resistencia Galega ten reivindicado en varios casos. Entre eles están múltiples atentados consistentes na colocación e detonación de diversos artefactos explosivos e incendiarios en sedes de partidos políticos, organizacións sindicais ou empresariais, entidades financeiras, empresas, administracións públicas, etc; así como nas vivendas de persoas relacionados co ámbito xudicial, universitario ou político.

Os partidos democráticos defendemos a dignidade do ser humano e os dereitos e liberdades que lle son inherentes, especialmente o dereito á vida e á integridade física e moral e propugnamos a democracia e o Estado de Dereito como base dunha convivencia en pluralismo, liberdade e igualdade.



En consecuencia, opoñémonos e condenamos o uso da violencia para defender calquera tipo de posicionamento ou postulado político ou ideolóxico e tamén rexeitamos calquer tipo de declaración ou acción que lexitime ou xustifique o terrorismo.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular no concello de Pontevedra eleva ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1. Manifestamos o noso rexeitamento e condena ao terrorismo, e en particular o levado a cabo por Resistencia Galega.
2. Solidarizámonos coas vítimas destes atentados e apoiamos ás Forzas e Corpos de Seguridade na súa tarefa de posta a disposición da Xustiza dos responsables destes actos.
3. Rexeitamos calquera tipo de acción ou declaración que xustifique, ampare ou lexitime a violencia terrorista, especialmente se proceden de representantes públicos.”

O Sr. Alcalde-Presidente indica que existe unha emenda de substitución presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE que, copiada literalmente di:

“A Constitución Española de 1978, produto dun gran pacto entre españois de moi distintas sensibilidades, dotou ao conxunto do Estado dun marco democrático estable no que todas as ideoloxías, e consecuentemente a súa tradución en forzas políticas, acadaron un valioso espazo de diálogo e convivencia.

A España que hoxe coñecemos con un Estado diverso e plural, quedou constituída (artigo 1) como “un Estado social e democrático de Dereito, que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político”.

Ben é certo que a consolidación da Democracia, que supuxo o período máis fértil na historia moderna do noso país, estivo dificultada ata hai ben pouco tempo pola violencia inxustificada e cruel do terrorismo. As últimas décadas estiveron salpicadas polo sangue derramado por distintas siglas de bandas criminais.

A pesar de todo iso, a madurez dos cidadáns e das institucións permitiu ir subindo chanzos ata acadar a derrota das organizacións terroristas que, repudiadas polo conxunto da sociedade, son hoxe son meros residuos. A disolución total destas bandas e a entrega das armas son os únicos pasos que lles quedan por dar.

Aos partidos políticos correspóndenos o rexeitamento absoluto da violencia, das bombas e das pistolas. Pero tamén correspóndenos traballar con seriedade e responsabilidade para non caer nunca na tentación de xogar ao oportunismo ou buscar réditos electorais nin no terrorismo, nin no sufrimento das vítimas. Lamentablemente, isto non sempre se cumpriu, e a manipulación da barbarie terrorista estivo algunha que outra vez na axenda política, como sucedeu co intento de utilizar os atentados do 11-M en Madrid, atribuíndoos, sen base nin probas, a unha determinada organización terrorista e negando a súa indiscutible autoría islamista, acreditada e sentenciada polos Xulgados.

En Galicia tamén temos sufrido os efectos da violencia terrorista, perpetrada tanto por bandas de fóra como doutras radicadas na nosa terra. Sen embargo, cómpre ter moito coidado á hora de identificar como terroristas a organizacións ou grupos sobre os que, a día de hoxe, non recaen sentenzas firmes. O Estado de Dereito debe ir sempre por diante e os grupos políticos debemos ser os primeiros en respectalo e facer gala da máxima prudencia. Iso é o que nos diferencia dos radicais.

En base ao exposto,

O Pleno do Concello acorda:

1. Manifestar o noso rexeitamento e condena a calquera forma de terrorismo.
2. Solidarizármonos coas vítimas dos atentados e apoiar ás Forzas e Corpos de Seguridade na súa tarefa de posta a disposición da Xustiza dos responsables dos actos terroristas.
3. Rexeitar calquera tipo de acción ou declaración que xustifique, ampare ou lexitime a violencia terrorista, especialmente se proceden de responsables públicos.
4. Rexeitar calquera intento de manipulación e/ou utilización do terrorismo por parte de calquera forza política para tentar de obter vantaxes estratéxicas ou tirar réditos electorais da dor que produce esta lacra.”

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra o portavoz do grupo municipal do Partido Popular, don Jacobo Moreira Ferro.

O **Sr. Moreira Ferro**: Gracias, Sr. Presidente.

A partir do 2006 Galicia empezou a padecer actos de terrorismo cuxa autoría unha organización o grupo chamado Resistencia Galega ten reivindicado en varios casos. Producíronse múltiples atentados consistentes en colocación e detonación de artefactos explosivos e incendiarios, en sedes de partidos políticos, en organizacións sindicais ou empresariais, en entidades financeiras, en empresas, Administracións públicas tamén, etc., e tamén en vivendas de persoas relacionadas co ámbito xudicial, universitario ou político, os partidos democráticos defendemos a dignidade do ser humano, os dereitos e liberdades que lle son inherentes, especialmente o dereito á vida e á integridade física e moral e propugnamos, ademais, o estado de dereito e a democracia como base de unha convivencia en pluralismo, liberdade e igualdade.

En consecuencia, dende o Partido Popular opoñémonos e condenamos o uso da violencia para defender calquera tipo de posicionamento ou postulado político ou ideolóxico. Tamén rexeitamos calquera tipo de declaración ou acción que lexitime ou xustifique dalgunha maneira o terrorismo.

Resistencia Galega xurdiu no ano 2006, no ano 2005 publicouse por primeira vez un manifesto en Internet, un manual de Resistencia Galega e, posteriormente, en xaneiro de 2010 produciuse unha detención, por parte do Corpo Nacional de Policía, de dous presuntos membros que ían detonar un artefacto nunha subestación eléctrica aquí na cidade de Pontevedra. O 28 de xaneiro de 2010 foi atacada a sede de Comisións Obreiras en Vigo, o 9 de marzo lanzáronse cócteles molotov contra os locais de Comisións Obreiras e UGT en Porriño. En abril se produciu o ataque á vivenda de un concelleiro socialista en Vigo. Tamén se produciu en ataque fallido con artefactos incendiarios na sede do Partido Popular en Gondomar, outro causou danos na sede do Partido Popular noutro Concello e as dúas accións foron reivindicadas por Resistencia Galega. Hai outros casos máis pero en definitiva o que estamos vendo é que sufriron ataques sedes de partidos políticos, do Partido Popular, do Partido Socialista, unha oficina do INEM, vivendas e domicilios particulares de persoas, como dixen, do eido da xustiza ou da universidade e, polo tanto, nós consideramos que é preciso que o Concello de Pontevedra mostre a súa repulsa, aos actos de terrorismo en xeral iso xa non fai falta dicilo, pero particularmente queremos incidir nesta organización e polo tanto propoñemos o seguinte acordo: “En primeiro lugar, manifestar o noso re-



xeitamento e condena ao terrorismo e en particular ao levado a cabo por Resistencia Galega; en segundo lugar, expresar que nos solidarizamos coas vítimas destes atentados e apoiamos ás forzas e corpos de seguridade na súa tarefa de posta a disposición da xustiza, dos responsables destes actos e, en terceiro lugar, que rexeitamos calquera tipo de acción ou declaración que xustifique, ampare ou lexitime a violencia terrorista especialmente se procede de representantes públicos”.

Este é o texto da nosa moción e, polo tanto, agardamos o voto a favor dos tres grupos.

Moitas gracias.

Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Moreira.

Ten a palabra o portavoz do grupo municipal do PSdeG-PSOE, don Antonio Louro Goyanes.

O Sr. Louro Goyanes: Gracias, Sr. Alcalde.

Aos partidos políticos e aos políticos correspóndenos o rexeitamento absoluto da violencia, das bombas e das pistolas, pero tamén correspóndenos traballar con seriedade e responsabilidade para non caer nunca na tentación de xogar ao oportunismo político, e a moción que vostede presenta, Sr. Moreira, ten en certa medida certo tono de oportunismo e creo que iso non é bo porque estamos falando de un tema moi sensible e moi delicado e a moción que vostede presenta non debe xogar coas palabras, nin tampouco coas afirmacións, creo que neste asunto hai que traballar todo o que se poda e hai que dicir pouco, sobre o oportunismo, sobra propaganda, sobra publicidade que mesmamente calquera grupo violento pode buscala e nós inconscientemente podemos estar facéndolle o xogo, por iso nós presentamos unha emenda á moción que vostede presenta, presentamos unha emenda que quere, con claridade, condenar todo o terrorismo, todo o terrorismo, non un e outro non, utilizar un e o outro non, corrixir a inclusión dos grupos que non están condenados por terrorismo, de xeito firme, vostede facía referencia a algún grupo e que non ten, por así dicilo, condenas firmes e eu creo que dende a política e dende a política democrática hai que ir sempre diante e hai que ir sempre diante coa democracia. Os políticos temos a obriga de ser extremadamente prudentes en todas as nosas actuacións e máis, se cabe, nun asunto tan sensible.

A proposta ou os acordos que nós propoñemos recóllense en catro puntos e o punto primeiro di: “Manifestar o noso rexeitamento e condena a calquera fórmula de terrorismo; o punto dous, solidarizarnos coas vítimas dos atentados e apoiar ás forzas e corpos de seguridade na tarefa de posta a disposición da xustiza dos responsables de eses actos; rexeitar calquera tipo de acción ou declaración que xustifique, ampare ou lexitime a violencia terrorista e, por último, rexeitar calquera intento de manipulación ou utilización do terrorismo por parte de calquera forza política para tratar de obter vantaxes estratéxicas ou tirar réditos electorais da dor de quen produce esta lacra”.

Na historia recente do noso país vivimos episodios tráxicos e dramáticos e, lamentablemente, ás veces non estivemos todos á altura das circunstancias e, mesmamente, tentamos utilizar unha grave traxedia par aos nosos resultados electorais, cando digo os nosos digo o de todos, aínda que teño que dicir que ao Partido Socialista neste

asunto tocoulle sufrir moito, mesmamente o Sr. Moreira facía un relatorio de accións que se teñen desenvolvido en Galicia e o Partido Socialista e responsables do Partido Socialista tiveron que sufrir moito, non me refiro xa no que ten pasado no País Vasco, pero por iso eu termino como empezaba creo que hai que seguir traballando, Sr. Moreira, ser tremendamente delicado con estes asuntos e eu dígolle unha cousa dicir moi pouco.

Nada máis e moitas gracias, Sr. Alcalde.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Louro.

Ten a palabra o portavoz do grupo municipal do BNG, don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo.

O Sr. Mosquera Lorenzo: Grazas, Sr. Alcalde.

Vamos a ver, eu o outro día, o outro día xa hai uns cantos días, tiña un problema recoñecido e público de vista pero algo me da que vin na televisión que saía unha persoa do Partido Popular, unha responsable, era unha muller creo, que dicía a propósito de non sei que declaracións que ía a mandar que en todos os concellos se presentara esta moción; unha cousa é unha relación de causa efecto francamente estraña, e obviamente o Sr. Moreira e o PP de Pontevedra guiado como eles sós, na Deputación aínda non foi, non sei se irá, na orde do día do pleno para o 31 non está, pero bueno a Deputación ten como vida propia, aquí en Pontevedra o grupo municipal é guiadiño, todo o que lle manden e ala, veña, creo que se lle presentan unha moción dicindo que Pontevedra a traslademos para Asturias a presentan, como lle manden de Santiago ou de Madrid aquí ven o Sr. Moreira a presentala.

Non sei exactamente que relación de causa efecto hai porque hai aquí unhas cousas, como era, as declaracións, non sei creo que ninguén de esta Corporación, ninguén de Pontevedra fixo ningunha declaración con respecto a iso e creo que está fóra de toda dúbida que todos individualmente e colectivamente os grupos municipais que estamos en Pontevedra, nesta Corporación, todos estamos e temos manifestado durante décadas, con insistencia e reiteración, a nosa condena do terrorismo.

Por outro lado, un sorpréndese cando declara o Sr. Puy, por videoconferencia, senón me enterei ben, pode ser que non porque xa digo teño problemas de vista e cústame ler, que non hai ningún grupo organizado, que non lle consta. Por outro lado, resulta que o Sr. Louro foi Delegado do Goberno, durante dous anos, e cando había algún atentado, nunca dixo, e supoño que terá máis información que todos nós, que existira ese grupo, era un pouco complicado, un grupo que lle pon unha bomba ao PP e aos sindicatos, ao PSOE, é complicado, a saber se son por aí os restos do Grapo, a saber o que son. Entón non acabamos de entender cando algo que afortunadamente esta extraordinariamente reducido, que non hai ningunha constancia, vamos cada un faise a propaganda que quere, claro, non hai polo menos feitos obxectivos e aquí o Sr. Louro nos podería ilustrar sobre este asunto. As declaracións públicas de él mentres foi Delegado do Goberno nunca foron esas nin as posteriores e de repente lanza unha campaña o PP de Santiago a propósito de non se sabe que, que non ten representación esa forza política nesta Corporación, e que loxicamente habería que resolvelo dentro da dialéctica parlamentaria, entón traeno para acá. Eu non sei se PP e PSOE van a pactar ou non, nos estamos totalmente de acordo con o punto catro da



moción, do texto alternativo do PSOE, rexeitar calquera intento de manipulación e utilización do terrorismo por parte de calquera forza política, se é o PP neste caso descaradamente, para tentar outras vantaxas estratéxicas ou tirar réditos electorais da dor que produce esta lacra. Nos votamos este punto o resto vamos a votar en contra, esta claro de onde ven, para que ven, e que sentido ten, ala vostedes, parece que a vida política deste país ten que xirar das declaracións dalguen ou non sei que, non sobre a realidade, bueno, pois se vostedes queren facelo así, pois ala vostedes pero non pretendan que os demais andemos ao seu rabo, afortunadamente este é un asunto que canto menos se airee e sobre todo en época baixa como esta, e ogaíllá siga sendo así, senón parece que vai a ser nula, pois andar aireando parece que é unha gamberrada, unha gamberrada, agora mandáronlle facela pois ala veña, faltaría mais, o PP de Pontevedra de cabeza a presentar a moción e a converter un debate que realmente non ten hoxe pes nin cabeza. Non se preocupe que si realmente este problema e de ningunha maneira queremos que teña nada que ver que se produza ese feito, se este problema realmente digamos se recrudece non se preocupe que nos votaremos todo o que haxa que votar e traeremos ao pleno se é que afecta a Pontevedra todas as condenas, o que sea, pero neste caso, comprenderá, que iso é unha quentura de coco de alguén de Santiago que manda presentar a moción e veñen aquí con esta historia que repito non ten nin pes nin cabeza, bueno a menos que a TVG se dedique a sacar todos os informativos da mañá á noite inventando se cadra pois que se pelexaron dous nunha esquina é tamén terrorismo de Resistencia Galega. Moitas grazas.

Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas Sr. Mosquera.

Sr. Moreira, ten a palabra.

O Sr. Moreira: Moitas gracias, Sr. Presidente.

Mire, Sr. Mosquera, ese é un exemplo de transparencia no partido, nos non ocultamos que esto se presentou ou se vai a presentar en tódolos concellos onde o Partido Popular ten representación, é dicir en todos. Vostedes ocultarían, nos non temos ningún problema porque non hai nada que ocultar, efectivamente nos estamos preocupados por estes grupúsculos u organizacións que atentan especialmente en Galicia e vaia por descontado que supoño que todos estamos de acordo en loitar contra o terrorismo, pero en Galicia temos esta particularidade e desde logo se trouxemos esta moción precisamente no día de hoxe é porque normalmente é cando coincide co día do patrón de España, que o día do Apostol se producen moitas veces este tipo de atentados. Non é de casualidade que eu traia aquí esta moción, Sr. Mosquera. A min sorpréndeme Sr. Lores que o seu partido político non vaia a apoiar esta moción. Me sorprende que unha moción deste calado na que creo que non debe de haber cores políticos nin matices políticos, e vostede e o seu grupo político vaian a votar en contra. Xa me preocupa bastante o que pasou hai uns días en Boiro no que o BNG votou en contra e o que non sabía ou non debía saber era que nas filas dun grupo que estaba no Concello, que unha concelleira é viúva dunha persoa morta por acto e terrorismo. Entón teñen que ter moito coidado cando actúan porque non están actuando agora mesmo e non deberían actuar de forma demagóxica senón que deberían actuar con responsabilidade, pero iso é moi difícil de encontrar en vostedes Sr. Lores, a responsabilidade non é algo que abunde nin en vostede nin no seu partido político e particularmente no seu grupo municipal en Pontevedra.

Hai que diferenciar, Sr. Louro, e eu estou de acordo en iso de que mentres non haxa unha sentenza non se debe de incriminar a ninguén en particular, pero hai que saber diferenciar entre o que é unha organización que xa ten reivindicado moitos atentados realizados e persoas en particular que se esta dilucidando se son ou non responsables membros desa organización. Polo tanto nos non estamos falando de persoas en particular, que se non foron xulgadas terán que ser xulgadas, senón que estamos falando dunha organización que ten reivindicado moitísimos casos actos terroristas, é dicir, infunden terror, iso é un acto terrorista.

En outubro de 2011 publicouse en internet un segundo comunicado desta organización na que se definía como brazo armado del pueblo e reivindicaba xa as cuantiosas perdas económicas causadas nos ataques ao PP e ao PSOE, a CC.OO e a UGT así como a promotoras, construtoras e inmobiliarias, infraestruturas e comunicacións, industriais, banca, patronal, institucións españolas de emprego, coñecidos intelectuais españolistas, así o dicían, e represores do Estado. Este comunicado insistía na necesidade da loita armada e anunciaba que “la Resistencia Gallega continuará los ataques armados contra intereses del conglomerado de ocupación”. É mais, na Audiencia Nacional houbo unha destas persoas, precisamente un dos que ían a atentar en Pontevedra contra unha subestación, conformouse coa petición do fiscal, é dicir, declarouse culpable confeso de pertencer a esta banda e de cometer actos terroristas, polo tanto aquí non cabe tibieza. Eu entendo que os políticos temos que ser prudentes pero hai cousas nas que non lle pode temblar o pulso a ninguén e desde logo o que hai que facer é ser determinante na exclusión e na repudiación dos actos terroristas veñan de quen veñan, pero particularmente no que queremos incidir hoxe nesta moción, é en este grupo que é Resistencia Galega, que atenta en Galicia.

En canto á emenda do Partido Socialista nos o que apreciamos é que exclúe a particularización de Resistencia Galega e iso non o podemos aceptar porque precisamente é a esencia e o espírito desta moción, pero si aceptamos en calquera caso e se quere podemos consensuar un texto que inclúa o noso texto e o punto catro que vostedes propoñen na súa emenda que rexeita calquera acto de manipulación. Párecenos correcto, desde logo o que non me parece correcto é o que fai o BNG que se nega a condenar expresamente o terrorismo e particularmente o levado a cabo por Resistencia Galega. Páreceme moi grave esa postura e mais grave todavía cando o Alcalde é do grupo político que non vai condenar a esta organización terrorista. Polo tanto forcemos se quere ese texto transaccionado no que engaderiamos o apartado catro e, en todo caso, se non quere aceptar xa lle pode dicir que nos, en calquera caso, votaremos a favor a súa emenda si se vota por separado, pero desde logo tamén lle pedimos que vote a favor a nosa moción si é que non quere consensuala. Nada mais e moitas grazas.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas Sr. Moreira.

Sr. Louro, ten a palabra.

O Sr. Louro: Gracias.

Sr. Moreira, entendo que vostede acepta a emenda que presenta o Grupo Municipal Socialista. So o punto catro. Pois eu quero dicir con claridade e con rotundidade, que o Grupo Socialista non comparte a oportunidade que esta utilizando o Partido Popular para presentar e traer este debate ao pleno da corporación. Creo ademais que é



un error e creo ademais que pode ter unha mala lectura, polo tanto o Grupo Socialista non vai a votar favorablemente a moción do Grupo Popular, diríalle mais, Sr. Moreira, despois de feito este debate, eu pediríalle que a retirara ou que aceptara a emenda de substitución que plantea o Grupo Municipal Socialista. Nada mais e moitas grazas, Sr. Alcalde.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas Sr. Louro.
Sr. Mosquera, ten a palabra.

O Sr. Mosquera: Moitas grazas, Sr. Alcalde.

Eu pediríalle expresamente nestes momentos aos medios de comunicación que están presentes que por favor, este asunto o traten coa máxima delicadeza, porque ese grupo que practicamente, se é que existe como tal, que practicamente non coñece ninguén, están vostedes encargándose de darlle unha publicidade que xa sabemos como rematan estas cousas. É unha gamberrada. Apartado a). Apartado b) si realmente, pero obviamente explicou moi claro a súa portavoz cando sae naquela comparecencia televisiva, cal era o obxectivo, o obxectivo non era o terrorismo que se da por suposto e reiteramos que todos estamos radicalmente en contra, se houbera esa alarma, esa necesidade, ese obxectivo, pois pactase unha moción antes e non a presentan como o PP como arma arroxadiza e facéndolle publicidade. Iso é unha gamberrada, unha gamberrada. Iso foi como se fixo sempre cando había problemas graves de terrorismo e todos eramos conscientes que había problemas graves. Foi como se fixo sempre e neste pleno hai todos os acordos plenarios que se queiran cando houbo ese problema. Sempre, e nunca houbo ningún grupo que votara distinto, dos que estamos aquí. Isto é unha gamberrada mal intencionada, e que o único que pode facer é dano. Si hai un grupúsculo, supoñamos que exista, que sean varios ou que sexan tres persoas, non o sabemos. Se hai un grupúsculo que é absolutamente minoritario, que actúen as forzas de seguridade e os xuíces e que actúen con toda a contundencia, non lles fagamos propaganda, que é o que estas vostedes buscando. De verdade non o pensaron ben, foi un quentón así a raíz dunhas declaracións dun portavoz do grupo parlamentario que non lle gustou a non sei quen e para darlle transcendencia. É unha gamberrada pola súa parte. Non se fan así as cousas e sabe-no de sobra, de sobra, e aquí tivemos na Casa Consistorial acordos, concentracións, de todo, de todo sempre que o houbo, pero non así, non así e saben-no de sobra cando o fixeron. Sexan un pouquiño serios e non anden xogando con estas cousas, que andan enredando con estas cousas, andan enredando en aras, despois teñen a desfachatez de dicir que están dispostos a votar o punto cuarto, o sexa despois de montar este quirigai, despois de darlle publicidade, darlles non sei que, a ver si pillamos a non sei canto, a ver si non sei que non votan a nosa moción e non sei que, ande, por favor, non se preocupen, estean absolutamente tranquilos, sempre que sucedeu algún feito que era lóxico, era natural, e se vía positivo facer unha condena clara e demais, aquí nesta Corporación se fixo, moitas veces por iniciativa nosa, tamén, non se preocupe e se hai algún feito que o mereza non se preocupe que o faremos, agora isto é unha gamberrada, é unha gamberrada, de verdade eu non sei o PP onde vai rematar. Foi moito mais sensato o seu portavoz, o Pedro Puy, cando declarou que non lle constaba iso e procurou que fora do mais baixo nivel, que actúe a policía e a xustiza, que actúe e punto, que é o que hai que facer nestes casos. No no, dámoslle aire e non sei que por si hai unhas cantas persoas desesperadas de

estas que din pois estou en paro e non sei que a onde me sumo para que sepa a onde sumarsemos, son uns gamberros, son uns gamberros, tal como esta a situación. Son uns auténticos gamberros. Mire mantemonos na postura, vostede mantén a moción e nos vamos a votar en contra. Si nese caso o Partido Socialista retira a súa e queda a votación así ou non sei como é, haber como se aclara. Moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas Sr. Mosquera.
Os dous dialoguen, por favor.

O Sr. Louro:

Podo dicir algo, o Partido Socialista, Sr. Mosquera, presentou unha emenda, será sometida a votación deste Pleno se é admitida polo grupo propoñente, senón non poderá ser sometida a consideración.

O Sr. Moreira: Gracias Sr. Presidente.

Nós non temos ningún inconvinte, admitidos as emendas que queiran pero eu manteño tamén a nosa proposta que é a que vai no espírito da moción que é condenar o terrorismo de Resistencia Galega, pero insisto, non podemos aceptar que se exclúa esta mención a Resistencia Galega porque precisamente a parte específica desta moción radica en falar do que pasa en Galicia con esta organización coa que temos que rematar entre todos e para iso compre un acordo sen ningún tipo de titubeos Sr. Louro, sen temblar a man neste asunto, porque non estamos xogando con nada baladí, senón que é algo moi importante, polo tanto seguimos mantendo a nosa proposta e o que quero recordar é que eu non me invento nada.

Ese comunicado dicía, do que falaba antes, o segundo comunicado anunciaba que proseguirán os ataques contra todas as persoas, organizacións ou institucións comprometidas co réxime de ocupación, explotación e destrución do noso país. E insisto, hai polo menos unha das persoas, precisamente a que ía a atentar aquí en Pontevedra, isto debería sensibilizar máis á Corporación de Pontevedra, confesouse culpable e aceptou a petición do fiscal, polo tanto aquí xa hai unha sentenza que declara a unha persoa culpable. E a min Sr. Lores, o que me sorprende moitísimo de forma moi negativa e moi desagradable é que o portavoz do BNG diga que a moción de condena ao terrorismo que presenta o PP é unha gamberrada. Me parece totalmente inoportuna esta mención na Corporación, porque de oportuna non ten nada, oportuna sería si onte, por exemplo, se houbera producido un atentado en Pontevedra, pero non é o caso, polo tanto estamos en datas nas que todos sabemos que sempre se produce este tipo de atentados e queremos que quede claro cal é a posición e me gustaría que fora por unanimidade de toda a Corporación de Pontevedra. Se non o podo conseguir, desde logo mal camiño esta collendo o BNG. Nada máis e moitas gracias.

Seguidamente, ante a retirada da emenda de substitución presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE por non existiren acordo co grupo autor da moción, sométese a votación a moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular, votando a favor 11 concelleiros (os 11 concelleiros do grupo municipal do Partido Popular) e en contra 13 concelleiros (os 11 concelleiros do grupo municipal do BNG e os 2 concelleiros presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE), polo que o Ple-



no do Concello, por maioría, acorda rexeitar a moción do grupo municipal Partido Popular de rexeitamento e condena do terrorismo, e en particular o levado a cabo por Resistencia Galega e de solidariedade coas vítimas.

C) MOCIÓN URXENTES.

C1.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A UTILIZACIÓN PARTIDISTA DOS INFORMATIVOS DA TVG E A DIFUSIÓN DUNHA IMAXE NEGATIVA DE PONTEVEDRA.

A instancia do Sr. Alcalde-Presidente, polo asentimento dos presentes (24), considérase aprobada a urxencia da moción.

O texto literal da moción presentada polo grupo municipal do BNG, é o seguinte:

“Exposición de motivos

1.A Compañía Televisión de Galicia é unha entidade de dereito público creada por Lei 9/1984, de 11 de xullo, de creación da Compañía da Radio-Televisión de Galicia e Modificación da Lei 9/1984, do 11 de xullo, de creación da Compañía de Radio-Televisión de Galicia (Lei 3/2002, do 29 de abril, de medidas de réxime fiscal e administrativo). Conforme o artigo 1 da citada lei, a CRTVG ten a función de “servizo público consistente na promoción, difusión e impulso da lingua galega, así como a atención á máis ampla audiencia, ofrecendo calidade e a máxima continuidade e cobertura xeográfica, social e cultural, propiciando o acceso aos distintos xéneros de programacións e aos eventos institucionais, sociais, culturais e deportivos, dirixíndose a todos os segmentos de público, idades e grupos sociais, e favorecendo activamente a difusión cultural, intelectual e artística e dos coñecementos cívicos, económicos, sociais, científicos e técnicos mediante toda clase de emisións en lingua galega.

O artigo 16 da citada lei establece os principios que inspiran a programación da compañía pública, entre os que cabe salientar “ o respecto á liberdade de expresión, obxectividade, veracidade e imparcialidade das informacións”.

2. O 30 de novembro de 2010 a TVG pechou, sen aviso previo e de xeito inmediato, a delegación que tiña en Pontevedra, na que traballaban 25 empregados entre técnicos e redactores; 12 deles foron despedidos e os outros 13 foron obrigados a trasladarse a Vigo para traballar na Delegación provincial da TVG. Este grave feito, denunciado no seu día pola sociedade pontevedresa e polo Pleno da Corporación, provocou a perda dos postos de traballo, convertiu a Pontevedra na única capital de provincia galega sen delegación da canle autonómica e tivo como consecuencia unha importante merma, en cantidade e calidade, da cobertura informativa da actividade institucional, política, social, económica e cultural xerada no noso concello.

3. Se analizamos con detalle a cobertura informativa da CRTVG en Pontevedra ao longo do últimos 2 anos e medio, obsérvase a carencia de seguimento normal e regular por parte da TVG da actualidade informativa no ámbito territorial do Concello de Pontevedra.

No que respecta á cobertura informativa da actividade municipal cabe salientar os seguintes feitos:

A ausencia de cobertura regular da información xerada desde o Concello e o silen-

ciamento de informacións de interese xeral que mesmo son obxecto de seguimento por canles de ámbito estatal (TVE, Antena 3, Telecinco, La Sexta) e autonómico (V Televisión).

Por ex.

-Visita a Pontevedra do anterior Director Xeral de Tráfico do goberno do Estado, Pere Navarro.

-Entrega do Premio Intermodes en Bruxelas

-Acordo da paga complementaria de nadal aos traballadores do Concello

-Sinatura do Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial.

-Solidariedade do Concello cos afectados das preferentes

-Proxecto Redeaxuda

Etc.5

Ademais, nos escasos casos en que se informa sobre acontecementos e actividades municipais, ocúltase de maneira deliberada que se trata de iniciativas promovidas polo concello e evítase sistemáticamente as declaracións de responsabeis municipais. A distorsión da realidade chega a ser tan esaxerada que se presenta a representantes de entidades cidadás e empresas privadas como voceiros e organizadores de actividades promovidas polo concello de Pontevedra.

Este ocultamento de información contrasta coa cobertura habitual de noticias en clave negativa, que teñen por obxecto trasladar unha imaxe completamente falseada da realidade do concello.

Nesta visión negativa, obsérvase o seguimento regular de supostas denuncias veciñais que en realidade son casos de cobertura disfrazada de denuncias do grupo municipal do PP.

Tamén se percibe unha obsesión enfermiza por noticiais de roubos en comercios, vivendas, garaxes... trasladando a idea de Pontevedra como unha cidade perigosa, asaltada a cotío por bandas de bandoleiros e ladróns. Ademais de crear unha imaxe absolutamente irreal e distorsionada da vida na cidade, consideramos que este tipo de tratamento dana a imaxe do concello e pode crear unha alarma social absolutamente infundada.

4. O grupo municipal do BNG considera que o TVG non dá unha información suficiente, plural, imparcial e veraz da realidade do Concello de Pontevedra. Esta situación é consecuencia da falta de medios axeitados tralo desmantelamento da delegación en Pontevedra e, sobre todo, do sesgo partidista e manipulador que desde a dirección do ente público se lle dá aos servizos informativos.

Esta percepción é compartida por unha parte crecente da sociedade galega (reflectida na baixa continuado dos índices de audiencia) e polos propios traballadores da CRTVG, que están a desenvolver unha campaña contra a manipulación informativa nos medios públicos. O pasado mes de xuño, máis do 60% dos xornalistas adscritos aos servizos informativos da TVG denunciaron coa súa sinatura as prácticas de manipulación. Os traballadores da TVG son polo tanto vítimas tamén da utilización partidista e da falta de obxectividade da dirección do ente público e dos responsábeis dos servizos informativos.

En consonancia co anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte



PROPOSTA DE ACORDO

1. Denunciar publicamente a campaña de manipulación da TVG en relación co Concello de Pontevedra e demandar da dirección do ente público unha cobertura da realidade do noso ámbito territorial continuada, obxectiva, veraz e dotada cos medios humanos e materiais acidos.
2. En tanto se manteña a situación actual, declarar a TVG “medio de comunicación partidista e hostil a Pontevedra”
3. Trasladar este acordo á dirección da CRTVG, á Presidencia da Xunta de Galiza e ao Consello Asesor da TVG.”

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra ao representante do grupo municipal do BNG don Xosé Luis Bará Torres.

O **Sr. Bará Torres**: Moitas grazas Sr. Alcalde.

Moi bo día. O primeiro que teño que lamentar, antes de explicar a moción, é que non estea presente hoxe aquí a Televisión de Galicia, para cubrir o acto mais importante mensual que ten o Concello e que non sei se é porque están ocupados noutras tarefas ou por escasez de medios ou porque non hai delegación aquí, pois non poden estar presentes, curiosamente si que veñen algún día sobre todo cando hai algún lío, pero hoxe non lles pareceu oportuno vir como non veñen habitualmente. O que queremos con esta moción é constatar unha realidade que se ven producindo xa dende hai moito tempo que, en parte, esta relacionada co desmantelamento da delegación que a Televisión de Galicia tiña aquí en Pontevedra, xa sei que vostedes non lle chaman delegación pero na práctica era unha delegación co seu propio persoal, 25 persoas, das cales unha parte foron despedidas e outras trasladáronas a Vigo. Entón esa realidade, queremos constatar aquí, é que en primeiro lugar hai unha carencia dun seguimento regular e normal da información non so municipal senón, sobre todo, os aspectos da vida pontevedresa e polo tanto que significa unha ocultación de cousas que pasan en Pontevedra, promovidas e organizadas por múltiples entidades e institucións.

En segundo lugar, con respecto á cobertura da actividade municipal, pois tamén facemos constar esa ausencia de cobertura regular e tamén o silenciamento que se fai de informacións de interese xeral, e aquí poderíamos poñer moitos exemplos, por citar algúns, a non cobertura da visita do anterior Director Xeral de Tráfico do Goberno do Estado, Pere Navarro a Pontevedra, e quero dicir neste caso que nestas informacións si que estiveron presentes outros medios de comunicación de ámbito galego e estatal. A entrega en Bruselas do premio Intermodes, a sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial, o último convenio asinado entre o Alcalde e o Presidente da Deputación, ou a solidariedade do Concello de Pontevedra cos afectados das preferentes. Ademais dáse a circunstancia de que nos poucos casos nos que se informa sobre a actividade municipal, moitas veces o que se fai é ocultar de maneira premeditada que se trata de actividades promovidas polo Concello, e mesmo se chega a retorcer a realidade de tal maneira que se presentan como portavoces desas actividades a representantes de empresas privadas, e non aos responsables técnicos ou políticos do Concello.

E tamén observamos que hai unha cobertura regular de noticias en clave negativa. É dicir, que hai unha certa obsesión reiterada de dar unha imaxe absolutamente false-

ada da realidade do Concello, reflectindo informacións de supostas denuncias veciñais, que en moitos casos son consecuencia inmediata dunha rolda de prensa do Partido Popular, e chégase incluso ao extremo, fíxense o retorcimento, de que aparece como portavoz veciñal unha concelleira do Partido Popular. Poderíamos poñer múltiples exemplos desta situación. E por outro lado, cando se fai esta cobertura, porque para isto si que parece que teñen medios, dáse unha obsesión, eu creo que case enfermiza, por noticias de roubos, de asaltos, de atracos en comercios, en vivendas, en garaxes, que por outro lado contrasta coas versións oficiais da Xunta Local de Seguridade, que en absoluto presentan a realidade desta cidade, practicamente so se ve na televisión, tomada por bandas de salteadores e ladróns. Polo tanto constatamos que se fai de maneira intencionada, de maneira premeditada, unha imaxe negativa e que é unha imaxe, desde logo, falsa da realidade do noso Concello.

Como conclusión, o que constatamos é que a Televisión de Galicia non ofrece unha información obxectiva, veraz e suficiente do Concello de Pontevedra, que isto, entendemos, é consecuencia, por unha parte do desmantelamento do persoal e do equipo que tiñan aquí en Pontevedra, desa falta de medios humanos e materiais, e, sobre todo, dun sesgo claramente partidista e manipulador que se fai dos servizos informativos para atacar, non a un grupo político, non a unha cidade, senón a todo o que pasa no Concello de Pontevedra. E isto, ademais, esta manipulación dos servizos informativos, non é que sexa unha realidade que se dea so aquí, porque os mesmos traballadores da Televisión de Galicia fixeron a denuncia pública apoiada por mais do 60% dos traballadores dos servizos informativos, constatando esta manipulación e veñen desenvolvendo unha campaña de denuncia desta manipulación. Como consecuencia de todo isto, propoñemos como acordo, e, en primeiro lugar, denunciar publicamente esta campaña de manipulación en relación con Pontevedra, e demandar da Dirección do ente público unha cobertura da realidade do noso ámbito territorial, continuada, obxectiva, veraz e dotada cos medios humanos e materiais acidos. En segundo lugar que en tanto se manteña a situación actual, declarar á Televisión de Galicia, medio de comunicación partidista e hostil a Pontevedra. E, en terceiro lugar, trasladar este acordo á Dirección da Compañía de Radio Televisión de Galicia, á Presidencia da Xunta de Galicia e tamén ao Consello de Administración da Televisión de Galicia, no texto da moción pon Consello Asesor e corriximos e propoñemos que se traslade ao Consello de Administración da Televisión de Galicia. Moitas grazas.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sr. Bará.

Ten a palabra don **Antonio Louro Goyanes**, portavoz do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

O Sr. Louro: Gracias Sr. Alcalde.

Esta moción que vamos a apoiar recolle en gran medida a exposición de motivos dunha moción que presentou o Grupo Socialista ala polo ano 2011, ante o Pleno da Corporación, mostrando a nosa preocupación polo desmantelamento das instalacións do que era a delegación da Compañía de Radio e Televisión de Galicia en Pontevedra. Eu creo que foi unha decisión mala, mala para Galicia e mala para Pontevedra, porque que Galicia teña a mellor información que se poida ter de Pontevedra, eu creo que é bo para Pontevedra pero tamén é bo para Galicia. Coa decisión



que tomou a Dirección da Compañía, Pontevedra quedou ao marxe e en gran medida discriminada, tanto Pontevedra como a súa área de influencia. Agora a capital da provincia que ostenta a sede da Deputación Provincial, a sede da Audiencia e que ostenta tantas sedes, que son focos de información e que son focos de noticia, pois vense privados dos micrófonos, das cámaras de Televisión de Galicia, e iso entendemos que é malo para a cidade e que, polo tanto, que habería que corrixilo, habería que corrixilo no sentido que apuntaba o portavoz do BNG, é dicir, devolvéndolle a Pontevedra a sede da Compañía de Radio e Televisión que tiña e dotando a esas instalacións dos profesionais que estaban desenvolvendo, eu creo que unha moi boa labor en Pontevedra. Facía referencia ao 30 de novembro do ano 2010, porque foi cando se pechou a sede da Compañía en Pontevedra, daquela o grupo do Partido Popular comprometeuse a facer xestións diante da Xunta de Galicia e facer valer toda a súa capacidade de influencia para devolverlle a Pontevedra a que tiña. Eu espero que aquel espírito siga vivo no grupo do Partido Popular e polo tanto se sumen ao espírito desta moción que non é outro mais que o espírito que no ano 2011 puxo no Pleno desta Corporación e que foi aprobado cos votos de todos o Grupo Socialista, polo tanto se os votos de todos valeron daquela para apoiar, pois eu creo que deben de valer agora tamén para facelo mesmo. Moitas grazas Sr. Alcalde.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas Sr. Louro.

Ten a palabra a representante do grupo municipal do PP, dona **Ana Isabel Vázquez Reboredo**.

A Sra. Vázquez: Moitas gracias Sr. Alcalde.

En primeiro lugar, como Grupo Municipal do Partido Popular, queremos salientar noso absoluto respecto por tódolos profesionais de tódolos medios de comunicación e tamén, por suposto, por tódolos profesionais de Radio e Televisión de Galicia que elaboran os contidos dos medios públicos galegos.

Os datos das audiencias, especialmente dos programas informativos, piar do seu papel como servizo público, reflicten ese apoio da cidadanía a estes medios na súa labor diaria de dotación duns contidos obxectivos veraces, plurais, imparciais, competitivos e de calidade que gozan dun amplo respaldo da sociedade galega e, polo tanto, a nosa defensa de tódolos medios de comunicación e por suposto tamén dos medios de comunicación públicos.

Obviamente dende o principio e seguimos igual a crise económica salientou que desgraciadamente desapareceran determinados medios de comunicación pois, por exemplo, en Pontevedra como Localia e nos non estamos de acordo con que desaparezan, todo o contrario, estamos de acordo con que houbese mais e que non desaparecesen incluso voces tan importantes de Pontevedra durante 30 anos, dos medios de comunicación, pero é algo que vai mais alá da nosa petición e do que nos gustaría, aínda que nos gustaría que fose precisamente ao contrario, que houbese mais medios de comunicación. Pero, sen embargo, este feito nunca fixo que se mermara a calidade nin a eficacia das comunicacións que se fan dende Pontevedra, e, de feito, dos exemplos que mencionan podémoslle dicir que non é verdade ningún dos que mencionan, e explícolle cando se emitiron: A visita do anterior Director Xeral de Tráfico a Pontevedra o 1 de decembro de 2011 cubriuse e emitíuse no telexornal local das oito e media da tarde e no da mañá do día seguinte. Pode incluso verse

aínda hoxe en día por internet; entrega de premio Intermodes en Bruselas do ano 2013, deste ano 2013, o día 6 de febreiro no Galicia serán fixéronse tamén varios reportaxes sobre este premio e que se volveu a emitir o día seguinte tamén pola mañá e que todavía se pode consultar e ver por internet. Tamén, ao mellor si invitaran a ir a Bruselas con vostedes poderían cubrir de forma mais pormenorizada ese premio; o acordo da paga complementaria de Nadal aos traballadores do Concello que era outra das cousas que se mencionaba, emitíuse o día 18 de setembro de 2012, polo mañá; o cobro da paga dos funcionarios o 30 de decembro de 2012 no telexornal local e telexornal do mediodía; a posible impugnación do goberno o día 6 de decembro de 2012; o anuncio da suma de Poio e Bueu á iniciativa o 8 de decembro no telexornal do mediodía, e incluso do serán; a sinatura do convenio de colaboración entre Concello e Deputación do día 15 de abril emitíuse ese mesmo día, tamén pola mañá, ao mediodía e no serán; apoio do Concello aos afectados polas preferentes o día 28 de decembro de 2012, no telexornal local e incluso a concentración apoiada polo Concello; a noticia da manifestación apoiada polo Concello o día 11 de maio de 2013; a moción de apoio do Concello o 25 de xuño deste ano; e o apoio da moción aos preferentistas tamén no telexornal local do 25 de xuño deste ano. Así pois, non é acertado dicir que non se cubriron as informacións citadas nesta moción que presenta o BNG. Cubríronse esas e moitas outras e podemos dicir que hai mais información en xeral en positivo que en negativo. É un bo exemplo, por exemplo, so dos últimos meses estaría recentemente o obradoiro de inventos para nenos, que foi neste mesmo mes de xullo, as exposicións feitas polo Concello de Pontevedra, xa non mencionamos as demais, como por exemplo a Nova Iorque, Viana, Milan, Pontevedra, ou incluso de bicicletas antigas, tamén se poden ver actualmente e se emitiron. A terceira edición de surfing de Lérez, a concentración de palilleiras cidade de Pontevedra, cultural, a cabalgata de Reis con conexións en directo, inauguracións, probas de carga da ponte de Monteporreiro, alí estiveron, premios turísticos, pezas do telexornal serán na que facían un recorrido polas prazas de Pontevedra, diferentes programas e incluso o propio Alcalde de Pontevedra estivo como convidado en foro aberto onde se lle fixo unha entrevista de mais de media hora de duración, entón creemos por todo isto que a Televisión de Galicia cumpre unha misión fundamental de servizo público, labor que realiza baixo os parámetros de calidade e pluralismo.

As acusacións que se fan de manipulación son rotundamente falsas, o BNG pretende ditarlle aos traballadores de informativos as informacións que teñen que dar e como teñen que dalas, e nos dende o Partido Popular rexeitamos calquera inferencia no traballo dos servizos informativos da Televisión de Galicia ou da Radio Galega, que corresponde unicamente a criterios profesionais. Dende logo ás nosas roldas de prensa non veñen nunca, pero se veñen, benvidos sexan, oxalá viñeran algunha vez. Agora a Televisión de Galicia é independente, o goberno galego e os concellos non lle dan instrucións de como teñen que facer o seu traballo, iso si pasaba antes pero non pasa hoxe en día, e o equipo actual traballa absolutamente sen ningunha condena, sen ningunha reprobación por parte de ningunha instancia, o que non pasaba antes, o bipartito acumulou o triste record de ver como en doce resolucións, a Xunta Electoral considerou que a información dada en período preelectoral e electoral antes das Eleccións Galegas, vulnerou os principios básicos de proporcionalidade e neutralidade informativa, isto pasou durante o bipartito. A Televisión de Galicia, tamén na época do bipartito, foi obxecto dunha resolución do Valedor do Pobo que lle tivo que recordar á anterior Dirección Xeral as súas obrigas de pluralidade e neutralidade. Como dicíamos a etapa do bipartito precisamente non foi unha etapa na que



houbese moita claridade nin pouca manipulación, senón que a Televisión de Galicia e a Radio Galega estaban moi duramente manipuladas e incluso acosadas en palabras dos propios traballadores que alí traballaban.

No caso das Eleccións Municipais, sen embargo, do 2011, as Xuntas Electorais Provinciais de Galicia e a Xunta Electoral Central emitiron 18 pronunciamentos desestimando os recursos presentados polo PSOE e o BNG. No caso das Eleccións Xerais do 2011 as Xuntas Electorais emitiron 3 pronunciamentos, desestimando os recursos presentados por PSOE e BNG. No caso das Eleccións Autonómicas do 2012, a Xunta Electoral de Galicia emitiu un pronunciamento desestimando un recurso presentado polo Partido Socialista, tamén unha desestimación dun recurso presentado por UPyD e un recurso de Unificación Comunista e outro do partido Piratas de Galicia. Por outra parte, non é certo que mais do 60% dos xornalistas da Televisión de Galicia asinaron un escrito en contra dunha suposta manipulación. Ese documento foi asinado por traballadores, tanto da Televisión de Galicia como da Radio e Televisión Galega, tanto técnicos como membros de outros colectivos en absoluto relacionados coa información, e en total, despois de catro meses buscando sinaturas, responderon un terzo do persoal e menos da metade dos xornalistas.

En conclusión e para rematar por todo isto pola falta de verdade nesta moción e porque o Partido Popular considera que os medios de comunicación teñen que cumprir a súa función de informar sen que ninguén lles dite o que teñen que dicir e como o teñen que dicir, pois pola nosa parte imos votar en contra desta moción. Moitas grazas.

O Sr. **Alcalde-Presidente**: Moitas grazas.

Sr. Bará ten a palabra.

O Sr. **Bará**: Grazas.

Vexo que lle fixeron a nota no Consello da Televisión ou na Dirección da Televisión de Galicia, porque realmente traballaronlle aí, o gabinete da Televisión traballoulle a reo para buscarlle tódolos datos, así vostede esta descansada. Despois, claro, vostede di que respecta moitísimo aos profesionais da Televisión e de tódolos medios e a min gustárame que respectase a eses nada mais e nada menos que 345 traballadores da Televisión de Galicia que asinaron esta demanda de transparencia e denunciaron a manipulación da Televisión de Galicia, porque xa lle pode dar vostede as voltas que sexa, pero eu teño aquí diante un comunicado enviado polo comité de empresa, supoño que vostede daralle credibilidade ao Comité de Empresa, no que din exactamente que veñen de entregarlle aos grupos políticos con representación parlamentaria, 345 sinaturas recollidas entre os seus profesionais, da Televisión de Galicia, en defensa dunha televisión e unha radio pública plurais ao servizo da cidadanía. Os traballadores e traballadoras que asinan o documento denuncian a manipulación informativa que se practica na Televisión de Galicia e na Radio Galega. Mais do 60% dos xornalistas da televisión pública, asinaron este documento que tamén se lle entregou ao Director Xeral e ao Consello de Administración da Compañía da Televisión de Galicia, ademais da presidencia da Comisión de Control Parlamentario de este ente. Penso que queda claro, os datos son contundentes e as declaracións do Comité de Empresa son, por moito que vostede lea aquí a nota que lle mandaron da Dirección de Informativos da Televisión de Galicia.

Di vostede que é unha cobertura de noticias relevantes de información municipal, efectivamente houbo unha cobertura absolutamente sesgada e trasladada a informativos de ámbito local cando eran noticias de interese xeral e que tiveron cobertura de medios estatais, como Televisión Española, a súa delegación de Galicia, ou outros medios que viñeron a cubrir esas informacións. A Televisión de Galicia parece ser que non tiveron oco para transmitir esas informacións nos telexornais e nos informativos de máxima audiencia. Fala vostede tamén de que non cubren as súas roldas de prensa, claro no nas cobren, pero ao día seguinte si que publican esas informacións derivadas da súa rolda de prensa que sae ao día seguinte nos medios escritos e pódolle algún exemplo: entulleira nun colexio abandonado en Pontevedra, xusto ao día seguinte de que vostedes fagan unha rolda de prensa para denunciar unha situación no Colexio dos Campos. Bueno, eu dicía antes que mesmo chegan ao paroxismo de poñer como portavoz dunha información a unha concelleira do Partido Popular, hai aquí unha información dunha denuncia veciñal da Praza da Castaña que piden melloras e curiosamente na información da Televisión de Galicia sae como portavoz dos veciños unha concelleira do Partido Popular, supoño que a encontraron pola rúa ese día, casualmente, non quero dicir que houbera mala intención, pero curiosamente a portavoz que encontraron nese momento, aparece alí rotulado como portavoz veciñal, unha concelleira do Partido Popular.

E ponme vostede outros exemplos que demostran exactamente o que acabo de dicir, mire, citou vostede o obradoiro de inventos, non sei se me esta escoitando, si, pódelle aclarar o tema se quere, citou vostede o obradoiro de inventos e é un exemplo clarísimo desa manipulación que acabo de dicir, porque se vostede ve esa información, supoño que non a viu porque lle pasaron o listado de Santiago, pois aparece como portavoz desa actividade un señor que pertence a unha empresa, como portavoz, como organizador e como coordinador. Se esa non é unha manipulación, é dicir, non tiveron tempo para chamar a alguén do Concello para que explicase esa actividade e chegan a poñer alí como organizador desa actividade a unha entidade privada e iso fano sistematicamente en moitísimas das informacións que citou vostede, fano sistematicamente. Efectivamente estamos ante un caso de libro de manipulación, eu creo que isto debería ser estudado polos especialistas, polas universidades, e, desde logo, temos aquí unha universidade que traballa en temas de comunicación e non sería nada inoportuno que fixera un estudo detallado de todos estes casos de manipulación e, desde logo, podíase facer unha publicación con moitísimos datos e exemplos para ilustrar como a Televisión de Galicia manipula e terxiversa con respecto a Pontevedra.

E xa para rematar, voulle a ler unha serie de informacións, porque claro vostede na nota que lle mandaron citou unha serie de exemplos, pero eu voulle a poñer outros, que ratifican o que digo. Son informacións do mes de abril, non sei se lles mandaron na nota esa e din o seguinte: entulleira nun colexio abandonado en Pontevedra, 18 do 4; rouban en varios pisos de Pontevedra, 24 do 4; desvalixan un local de depilación en Pontevedra, 14 do 5; preocupación polos roubos en vivendas do centro de Pontevedra, 24 de abril, tamén; rouban cen mil euros en perfumes no centro de Pontevedra, 15 do 5; asalto de garaxes na zona da Parda en Pontevedra, xa hai aquí unha información que me parece xa o máximo, preocupación en Pontevedra por unha avéspera asiática, non sei si será unha preocupación exclusiva de Pontevedra ou tamén se daba en toda Galicia, pero a realidade é que tiveron tempo para cubrir estas informacións tan rechamantes. É dicir, que hai unha reiteración neste tipo de informacións, negativas, que trasladan unha imaxe de Pontevedra absolutamente falsa



e irreal e iso é algo intencionado, polo tanto penso que estean claros os motivos que xustifican esta proposta e ratificamos a proposta de acordo que fixemos a través da moción.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas Sr. Bará.
Sra. Vázquez, ten a palabra.

A Sra. Vázquez: Gracias.

Simplemente incidir no feito de que nós, o Partido Popular, non lle dita aos medios de comunicación o que teñen que contar nin como o teñen que contar. E simplemente desayunando esta mañá, cun café diante, méteste en internet, buscas páxina da televisión de Galicia e sáeche o listado de moitísimas destas noticias e moitas outras, insistimos, nos non aplicamos censura, a censura aplicouse noutra época anterior, desgraciadamente, que foi a época do bipartito, incluso os propios socios de goberno se acusaban os uns aos outros de facelo e incluso onde está por escrito, dos propios traballadores, as ameazas que recibían e demais, por tanto, se non cobren as nosas roldas de prensa, pois que lle vamos facer, o se as cubriran, se as cobren ao día seguinte estupendo. María me dicía que ela vive nesa zona que a ela lle preguntaron e ninguén lle dixo que actuaba en representación de simplemente lle deu o que lle parecía, pero de todos modos, se lle dan a palabra, se ela se pode explicar, moitísimo mellor. Insistimos, nos non lle dicimos a prensa nin a televisión de Galicia o que ten que contar e como o ten que contar. Iso esta na liberdade dos profesionais que para iso son profesionais do xornalismo. Nada mais.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias Sra. Vázquez.

A Sra Vázquez sabe perfectamente igual que eu, porque estivemos presentes nunha conversa privada que non vou a sacar aquí, da preocupación dalgún dirixente do Partido Popular desta cidade, pola actuación ou a falta de actuación ou de información que a televisión de Galicia dá. Non vou a dicir nada mais, non?. Non sei se despois, a raíz desa preocupación, ou de algunha presión interna do Partido Popular, houbo algunha variación ao respecto da institución, na que vostede tamén está presente, da cidade, pero sabe que é así, e bueno, para min e algo significativo deste tema. Pódese dicir o que se queira, pero é algo moi significativo. Non quería dar nomes nin dicir datas nin cousas pero a situación é esa.

Rematado o debate e realizada votación ordinaria o Pleno do Concello, por maioría, co voto favorable de 13 concelleiros (os 11 concelleiros do grupo municipal do BNG e os 2 concelleiros presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE) e o voto en contra de 11 concelleiros (os 11 concelleiros do grupo municipal do Partido Popular), acorda aprobar a moción anteriormente transcrita.

C2.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INTERESANDO MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES PARA INTRODUCIR A BONIFICACIÓN DO 95% NA COTA ÍNTEGRA DOS INMOBLES DE ENSINO UNIVERSITARIO.

A instancia do Sr. Alcalde-Presidente, polo asentimento dos presentes (24), considérase aprobada a urxencia da moción.

A moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular, é do seguinte teor literal:

“Exposición de Motivos

O Concello de Pontevedra está a cobrar á Universidade o Imposto Sobre Bens Inmóveis (IBI), un tributo local que supón que na actualidade a Universidade de Vigo adebeda ao Concello unha contía próxima aos 80.000 euros polo IBI dos tres últimos exercicios.

Non parece unha medida favorecedora da permanencia e maior implantación da Universidade en Pontevedra, pois supón detraer fondos dos orzamentos da Universidade, finalisticamente destinados á educación, para trasladalos aos orzamentos do Concello de Pontevedra, sen que exista garantía algunha de que o Concello os destine á educación, pois os impostos non teñen afectación finalista.

Por elo, dende o G.M. do PP estamos a favor da exención plena do IBI para os inmóveis da Universidade de Vigo, incluídas as instalacións deportivas, pois constitucionalmente está recollida a obriga dos poderes públicos de fomentar a educación física e o deporte.

Se ben é certo que poden existir locais ou parte de locais da Universidade que non estean afectos a usos puramente educativos, consideramos que, se o goberno insiste en cobrar impostos á Universidade, unha solución podería consistir en facer uso da facultade que establece a lei de facendas locais no artigo 74.2.bis de introducir unha bonificación do 95% da cuota íntegra do imposto para os inmóveis da Universidade. Deste modo, se recadaría un 5% do IBI de tódolos inmóveis que se podería considerar como importe a tanto alzado por aqueles locais que, de existir, non estean afectos directamente a usos educativos. E aforraríase ademais o traballo administrativo do Concello de ter que inspeccionar todos os locais da Universidade para corroborar que partes non están destinadas a os usos educativos. Consideramos que sería unha solución satisfactoria para ambas partes.

En consecuencia, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta, para o seu debate a aprobación polo pleno, da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

"Iniciar os trámites para modificar a ordenanza fiscal do Imposto sobre Bens Inmóveis para introducir a bonificación do 95% na cota íntegra aos inmóveis de ensino universitario, establecida no artigo 74.bis.2 da Lei de Facendas Locais"

O Sr. Alcalde-Presidente concede o uso da palabra á representante do grupo municipal do PP dona **María José Rodríguez Teso**.

A Sra. Rodríguez Teso: Moitas gracias Sr. Alcalde, bos días a todos.

O Concello de Pontevedra está a cobrar a universidade o imposto sobre bens inmóveis, un tributo local que supón que na actualidade a Universidade de Vigo adebeda ao Concello unha contía próxima os oitenta mil euros polo IBI dos tres últimos exercicios. Non parece unha medida favorecedora da permanencia e maior implantación da universidade en Pontevedra pois supón detraer fondos dos orzamentos da uni-



versidade finalisticamente destinados á educación para trasladalos aos orzamentos do Concello de Pontevedra sen que exista garantía algunha de que o concello os destina a educación pois os impostos non teñen afectación finalista. Por isto dende o grupo municipal do partido popular estamos a favor da exención plena do IBI para os inmobles da universidade de Vigo, incluídas as instalacións deportivas, pois constitucionalmente está recoñecida a obriga dos poderes públicos de fomentar a educación física e o deportes.

Se ben é certo que poden existir locais ou parte de locais da universidade que poden non estar afectos aos usos puramente educativos, consideramos que si o goberno insiste en cobrar impostos a universidade, unha solución podería consistir en facer uso da facultade que establece a lei de facendas locais no artigo 74.2bis de introducir unha bonificación do 75% da cuota integra do imposto para os inmobles da universidade. Deste modo se recadaría un 5% do IBI de todos os inmobles que se podería considerar como importe a tanto alzado por aqueles locais que de existir non estean afectos directamente a usos educativos, e aforraríase ademáis o traballo administrativo do Concello de ter que inspeccionar todos os locais da universidade para corroborar que partes non están destinadas aos usos educativos.

Consideramos que sería unha solución satisfactoria para ambas partes, e polo tanto, propoñemos iniciar os trámites para modificar a ordenanza fiscal do imposto sobre bens inmobles para introducir a bonificación do 95% na cuota integra nos inmobles de ensino universitario establecida no antedito artigo 74 bis punto 2 da lei de facendas locais. Moitas grazas.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas Sra. Rodríguez Teso.
Ten a palabra o Sr. Louro.

O Sr. Louro: Grazas, Sr. Alcalde.

Sra. Teso, polos mesmos motivos que somos partidarios de que a Igrexa pague o IBI, tamén somos partidarios de que o pague a Universidade. O grupo socialista tense caracterizado, creo eu, tanto agora como antes, por unha estreita colaboración coa universidade e así o ten manifestado o Reitor e o ten manifestado a Viceritora do campus de Pontevedra, porque sempre que houbo cousas que facer, pois alí estivo, e alí estiveron os concelleiros e alí estivo o partido socialista. Recórdolle a tramitación urbanística do edificio das artes en Tafisa, podemos recordar a oferta que se fixo para unha residencia universitaria para mais de 50 habitación no que é o complexo da Once en Campolongo, todas as licencias que houbo e recentemente a primeira fase do proxecto de humanización do campus, obras que están en marcha. Polo tanto comprenderá vostede que non temos nada que nos limite a esa colaboración.

Pero nos creemos que é contraditoria as veces a posición de certos grupos, e particularmente a do partido popular non?. O partido popular ganou unhas eleccións xerais prometendo que ía baixar os impostos, despois resulta que subiu os impostos, e agora presentan mocións nos concellos para que os concellos no ingresen IBI. Pois bueno, isto é algo contraditorio e que opera contra a súa coherencia e ten un punto de demagogia que nos non queremos compartir.

En todo caso, dicir con claridade o que dixen ao principio, que non compartimos esta moción nin por arriba nin por abaixo nin no seu espírito nin na súa concreción. Nada

mais, e moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias Sr. Louro.
Sr. González Carballo ten a palabra.

O Sr. González Carballo: Moitas gracias, bos días.

Como dicía o compañeiro do Partido Socialista o compromiso deste concello coa universidade e claro e inequívoco. De feito, a parte dos casos que citaba, de Tafisa, residencia, etc...está a cesión Casa das Campás, está a subvención que se lle da ao Esdemga de cincuenta e cinco mil euros, que dito sexa de paso, era un convenio tamén coa Deputación, e a Deputación aínda no pagou os cincuenta e cinco mil euros correspondentes ao ano 2012. Polo que dixo o Reitor, información facilitada polo Reitor na última reunión que tivemos no Concello recentemente. Por tanto agás que o Sr. Reitor minta, que non o creo, pois teñen sen recibir froito dese convenio os cincuenta e cinco mil euros.

Non deixa de resultar paradóxico que vostedes, cando están decrementando a aportación de fondos a universidade ou subindo a matriculas aos alumnos e está facendo unha universidade para ricos non deixa de ser paradóxico que falen de que agora a vida a universidade se lle vai no pago ou non do IBI. Evidentemene, non sei quen lle fixo esta moción, pero está chea de contradiccións intrínsecas e extrínsecas, quere dicir, falan de cousas sen saber de que, porque por exemplo dicen: "esta a cobrar a universidade o imposto sobre bens inmobles" pois mire, do Cuartel de San Fernando e da Casa das Campás non se lle cobra o IBI, entonces, un pouquiño documéntense que non ben mal. En segundo lugar pois, se lle está aportando eses cincuenta e cinco mil euros co compromiso de incrementarillos polo Esdemga, Escola superior de deseño e moda de Galicia, que está tendo un éxito espectacular na que mais do 65% de persoas que terminan están atopando traballo. Non hai así o compromiso de outras administracións.

Ben, pero mire, voulle a facer unha proposta, porque vostedes falan da exención. Mire, a exención aos inmobles da universidade foi modificado o 3 de maio do ano 2007, porque antes non viña na lei de facendas locais senón que viña na lei de universidades, e é aí onde viña pero resulta que non era de aplicación. Ben pero eu comparto a exención plena do IBI, compártoa, pero claro, non é a nosa competencia, entón eu lle fago unha redacción alternativa ao que vostedes propoñen, lle fago una proposta alternativa. Resulta que as excepcións, unha delas xa a citou o Sr. Louro, que evidentemente compartimos a súa preocupación, pero unha delas é a do artigo 62.2.a na que di que os inmobles que se destinen ao ensino por centros docentes acollidos total ou parcialmente ao réxime de concerto educativo, e dicir, os de curas e monxas, en canto a superficie afectada á ensinanza concertada. Exención. Home, digo eu que non será menos a universidade que un centro concertado, non?, e dí, e esa exención deberá ser compensada pola administración competente. E de feito, bueno, fan o rácano, temos que mandarlles escritos, estamos cobrando agora o de hai tres anos, continuamente mandándolle escritos para que nos mande o estado e non o están mandando pero a base de esforzo, que non sei se tiveron acceso ao expediente pero pódeno ver que é interesante o expediente.

Por tanto o texto alternativo é: Instar ao goberno do estado a que promova a modificación do artigo 62 da lei 2/2004 de facendas locais e se lle de aos inmobles afectos



ao ensino universitario igual tratamento ao contemplado no artigo 2.a do citado artigo. Por tanto, pidamos a exención, agora non non vamos a quedar en tonterías, pidamos a exención e ao mesmo tempo non perden nada os cidadáns de Pontevedra, igual que los de los coles de curas y monjas, e dicir, que no lo compensa por outro lado. Por tanto creo que é ter mais altura de miras porque o outro xa tivemos múltiples reunións coa universidade, estamos negociando, estamos vendo cales son os bens afectos ao ensino universitario e como comprenderá é o único interlocutor posible, non é o partido popular, de feito tivemos fai pouco unha reunión co Reitor e o seu equipo. Evidentemente estamos falando de un único contribuínte e unha bonificación que afecta a un contribuínte, déixenos opinar a eles, non tomen vostedes a alternativa, e dicir, non interfiran, entendes, claro, déixenlle en liberdade, déixenlle que actúen en liberdade, non?. Entón bueno, por tanto, creo que o que si pode facer este Pleno é solicitar do goberno do estado que promova os trámites para a modificación da lei. Creo que ese era o fondo do asunto, o demais, pois sinceramente, non é estritamente certo. É mais, falo interesadamente, así tamén cobraríamos Belas Artes e a Casa das Campás, que venlle ben ao concello para algunha desas cousiñas que piden vostedes. Moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias Sr. González Carballo.

Sra. Teso ten a palabra.

A Sra. Rodríguez Teso: Gracias.

Bueno, en primeiro lugar, Sr. Carballo, non temos ningún inconveniente en aceptar iso que nos dí, sempre e cando, mentres tanto, mentres o goberno fai o que nos lle pedimos, vostedes pois cambian un pouquiño esa lei reguladora de facendas locais, vale, e se bonifique ese 95% a universidade, a ordenanza esta de regulamento, vale, non teriamos ningún problemas en votarlle dende logo iso.

En segundo lugar, Sr. Louro, é gracioso que nos diga que efectivamente apoian a universidade, o ensino público e tamén comentaba o Sr Carballo que as universidades están a sufrir problemas económicos polo visto por culpa do noso goberno central e eu penso que se de verdade apoiamos o ensino público e a universidade pública, un xeito de facelo, sería, pois bonificando ese 95% do IBI, aínda que non sexa unha exención total, pois sería unha axuda para a universidade, pois eses cartos empregaríanse, precisamente no ensino. A nosa universidade, aquí, en Pontevedra, é unha universidade que acaba de sacar unhas bolsas de becas precisamente para estudantes con menos posibles e iso sería unha maneira de axudarlles a que enchan esas becas, ou a que haxa mais xente que poida acceder a esas becas, nada mais.

O Sr. Alcalde-Presidente: Sr. González, ten a palabra.

O Sr. González Carballo: Se hai a exención xa non hai necesidade de bonificación, primeira cuestión. Segunda cuestión, estamos falando de oitenta mil euros en tres anos que son aproximadamente vinte e seis mil seis centos sesenta e seis, o que ingresa, tal como ven na súa moción, que se lle está reclamando de IBI, e que retornamos cincuenta e cinco mil, e dicir, non so non lle cobramos o IBI senón que llo retornamos dobremente. Esa é a situación real. Por tanto, o trato que temos nos coa universidade é exquisito. Seguiremos tendo as negociacións necesarias, se ao final

temos que pactar con eles, pactaremos as cuestións que sexan necesarias pero non porque a vostedes se lles ocorra a feliz idea de que “metan no mesmo saco unha cousa e a outra” non e que o que di a lei é o 95% de aqueles bens afectos ao ensino universitario non para facer ningunha media ponderada nin mediana nin moda, nin moito menos, por tanto, nos seguiremos negociando coa universidade, non estaría de mais que todos os grupos políticos solicitáramos non solo para esta universidade, porque nos somos universais, para Santiago, para Vigo, para Ourense e para onde faga falta, por tanto estaría moi ben que o estado asumira o custo destes IBIs que mal están as facendas locais, non precisamente a de Pontevedra, pero si outras por aí adiante, e polo tanto que no lo compensara o estado e as universidades así tam pouco terían que pagar. Moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias Sr. González Carballo.
Sra. Teso, ten a palabra.

A Sra. Rodríguez Teso: Sr. González Carballo quería comentarlle que por Santiago e por Lugo que non se preocupe porque xa teñen exención total. E en Ourense teñen unha bonificación do 95%, que xa pelexaron eles. Vamos a preocuparnos por Pontevedra que é o que nos afecta.

Despois en canto ao que comentaba dos cincuenta e cinco mil euros que lle dan vostedes a Esdemga, é a Esdemga e non a toda a Universidade de Vigo que está aquí implantada, e o que comentaba tamén, do convenio que se ten, ese convenio era para a posta de funcionamento da escola e tiña data de caducidade, que despois de que se implantaran todos os cursos caducaría ese convenio, así que despois deso non había convenio coa Deputación e así se lle comunicou a universidade que o aceptou. Entón no vaiamos polas ramas. E despois se tan exquisito é o trato coa universidade non sei logo por qué están en litixio?

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias Sra. Teso, o que non me quedou claro é o que vamos a votar, se hai proposta ou non e se acepta.

O Sr. González Carballo: Si, a emenda é de substitución, non de outra cousa, se non o aceptan pois non se vota, evidentemente, é que non están de acordo con pedir a exención. A emenda é de substitución. Non sei se o entenden, substitución. É substituír unha cousa por outra. Mire, páguenlle os cincuenta e cinco mil euros cando poidan.

O Sr. Alcalde-Presidente: Ben, entón como non aceptan a emenda de substitución, entón se somete a votación a moción do Partido Popular, se non hai ningunha modificación.

A Sra. Rodríguez Teso: Eu o que lle comentei ao Sr. Carballo hai un momento, cando o propuxo, foi que nós non teríamos inconveniente en votarlle iso para pedirlle ao goberno central para que así o faga se vostedes, mentres tanto, votan a bonificación do 95%, mentres non se solucione o tema do goberno central. Iso foi o que lle dixen, non se acepta a substitución da emenda.



O Sr. Alcalde-Presidente: Non se acepta a substitución.

Rematado o debate, sométese a votación a moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular, votando a favor 11 concelleiros (os 11 concelleiros do grupo municipal do Partido Popular) e en contra 13 concelleiros (os 11 concelleiros do grupo municipal do BNG e os 2 concelleiros presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE), polo que o Pleno do Concello, por maioría, acorda rexeitar a moción do grupo municipal do PP interesando a modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto de bens inmobles para introducir a bonificación do 95% na cota íntegra dos inmobles de ensino universitario.

C3.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN APOIO Á ESCOLA SUPERIOR DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS DE PONTEVEDRA, PARA A SÚA ADSCRIPCIÓN Á UNIVERSIDADE E Á TRANSFORMACIÓN DOS ESTUDOS DE GRAO.

A continuación iniciase o debate sobre a declaración de urxencia da moción.

O Sr. Alcalde-Presidente: A moción foi presentada hoxe mesmo; gustárame que a compañeira Carmen Fouces fixera unha brevísima xustificación da súa urxencia.

O Sr. Moreira: Eu quería plantexar unha cuestión de orde, Sr. Alcalde, e preguntar se esta moción foi presentada antes do comezo do Pleno.

O Sr. Alcalde-Presidente: Si antes do comezo do Pleno, si.

O Sr. Moreira: Por rexistro non consta.

O Sr. Secretario: Foi entregada ao Presidente, bueno, de feito tiñádela vos.

O Sr. Moreira: Si.

O Sr. Secretario: O que di o regulamento é que as mocións, para ser tratadas, se non están incluídas na orde do día, deben ser entregadas ao Presidente, xusto antes da sesión.

O Sr. Alcalde-Presidente: Ben, en todo caso é unha formalidade, eu entendo a posición do Partido Popular na medida en que nós tamén defendemos iso, e dicir, que fora da Xunta de Portavoces hai que xustificar moi ben a urxencia para traer unha moción que non se fala na Xunta de Portavoces, por iso eu lle pido moi brevemente a Carmen que xustifique a urxencia e se a consideramos todos os grupos aprobamos a urxencia e a tratamos se non, non. Moi breve.

O Sr. Moreira: Si Alcalde, solo unha cousa, por nós non hai ningún inconveniente pero que quede claro que igual que a min se me recriminou no seu momento traer unha moción que non se comentou na Xunta de Portavoces quero que vostede se autorecrimine por non facer o mesmo, nada mais.

O Sr. Alcalde-Presidente: Que si, que xa lle digo que iso xa é aplicable a todo o mundo, a non ser que sea urxente.

O Sr. Moreira: En todo caso pola nosa banda non hai ningún problema.

O Sr. Alcalde-Presidente: Pero sempre pode xurdir algunha cousa urxente ou porque o xustifique, pois non sei, valorámolo agora.

A Sra. Fouces: Ben, moitas gracias Sr. Alcalde.

Grazas a todos por aceptar a urxencia desta moción que explico con brevidade.

O Sr. Alcalde-Presidente: Non, non aceptamos a urxencia da moción. Explica moi brevemente a urxencia da moción.

A Sra. Fouces: Bueno, explico por que a presentamos, e despois se dirá ou non se se acepta. Correcto, vamos a ver.

Nos últimos días xurdiron noticias en torno a problemática que hai na Escola superior de conservación e restauración. Estivemos falando e recadando información para ver si realmente pois a situación que se estaba denunciando nos tiñamos algo que ver ou podíamos ter algún tipo de actuación e de apoio e o certo e que consideramos que si, consideramos que era importante traelo ao Pleno, expoñelo, e dar un apoio expreso neste Pleno do tema, tendo en conta de que estamos a falar de final de curso, de que se inicia o curso en setembro, de que se remata o Pleno non vai haber seguramente en agosto xa nos sexa mais tarde este tratamento e se queremos darlle unha solución, unha saída a isto e apoiar que a escola de restauración salga deste impás no que está pois era urxente traelo hoxe, entón esa é un pouco a explicación. E por certo non ten nada que ver co IBI da universidade, e para nada, foi froito do que aconteceu durante esta última semana en torno a escola

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Non sei se é suficiente a explicación para aprobar a urxencia.

Seguidamente, polo asentimento dos presentes (24), considérase aprobada a urxencia da moción.

A moción presentada polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, é do seguinte teor literal:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. Os estudos da Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia, con sede en Pontevedra, empezaron a súa andaina na cidade fai 22 anos



e co apoio expreso do Concello que puxo a súa disposición as instalacións nas que se sitúa. Trátase do segundo centro máis antigo de España de formación en conservación e restauración e foi creado en 1991 co decreto 352/1991, do 17 de outubro. Até o día de hoxe tituláronse 17 promocións de diplomados en conservación-restauración de bens culturais. Esas titulacións repártense entre as especialidades de arqueoloxía, escultura e pintura.

2. Debido ás sucesivas reformas educativas, os estudos de conservación e restauración de bens culturais foron transformándose noutras comunidades do Estado en graos universitarios, xunto cos estudos superiores de conservatorio e de arte dramática. Nesa liña comezaron a traballar os equipos directivos da Escola de Conservación e Restauración de Pontevedra, entendendo de que se trataba de pouco máis que un trámite administrativo tendo en conta a boa disposición que a Xunta mantivo con outras entidades como a Escola Naval de Marín e os estudos de INEF, entre outros, que conseguiron a adscrición á universidade para impartir estudos de grao.

3. O alumnado da Escola de Conservación e Restauración de Pontevedra atópase agora a piques de rematar uns estudos que empezaron coa expectativa de acadar un grao universitario e que neste momento non saben en que acabará. A Xunta dispón de competencias máis que sobradas para proceder á adscrición da Escala, igual que fixo con outras titulacións.

Polo anteriormente exposto, o concelleiro que subscribe propón a adopción do seguinte

ACORDO

1- Demandar á Xunta de Galiza que faga uso das súas competencias en materia educativa e adscriba á Universidade os estudos que se imparten na Escala Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Pontevedra, e así se transformen en grao universitario como está acontecendo noutras universidades do Estado.

2- Instar á Xunta de Galiza a que atenda as demandas de medios humanos e materiais presentados pola Escola e que son necesarios para o desenvolvemento dos estudos grao universitario.”

O Sr. Alcalde-Presidente: Señora Fouces, pode explicar a moción en máis profundidade.

A Sra. Fouces: Grazas.

A Escola de Restauración está a ter un problema neste momento, como acabo de dicir, un problema importante e que urxe solucionar pero canto antes. Evitar na medida do posible entrar no curso que ven con este impás no que está. A Xunta de Galicia ten na súa man a solución por iso nos importa bastante este tratamento desta moción e sería moi importante que todos o apoiáramos e lle fixéramos ver a Xunta e ao Conselleiro que eles teñen capacidade legal para poder solucionar esta situación.

A Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais como dicimos aí na emenda, leva 22 anos implantada nesta cidade, está en dependencias municipais, onde está tamén Belas Artes, e dicir, estamos sen cobrarlle o IBI en ese edificio e cedéndolle todas as instalacións, sabemos que con deficiencias e necesitan reparacións e iso xa son cuestión propias dos estudos que alí se desenvolven. Lévanse dezasete promocións de esa escola polo tanto creo que é unha institución de esta

cidade que leva moito tempo dando grandes profesionais, tamén hai grandes profesionais docentes aí e están traballando arreo. Temos un convenio ademais asinado con eles para determinados temas de restauración, eu creo que é un dos emblemas dentro da Universidade de Vigo, quixeramos que fora dentro da Universidade de Vigo pero polo menos no que é a cidade de Pontevedra.

As sucesivas reformas educativas foron colocando estes estudos da escola superior nun terreo de ninguén. Quedaron como estudos superiores pero fora da universidade de maneira que se conseguiu que tanto estudos como os de conservatorios como os de arte dramático e demais pois se foran estudos superiores que non se acadaba formalmente o grao universitario que se requiría no espazo de Bolonia no que está a universidade. Como esta cuestión que esta a acontecer na escola superior de Pontevedra xa se deu noutros lugares do estado, xa estas escolas en outros lugares do estado en outras universidades foron adscritas ás universidades, e neste momento se están impartindo graos, por exemplo en Euskadi, en Granada, en Salamanca, e dicir, en determinados lugares onde hai unha traxectoria como ben demostramos aquí que tamén había da escola, pois foron adscritas, pois aquí se entendeu, polo menos nas conversas previas que houbo en torno a Xunta, que ía ser pois un mero tramite administrativo, e ademais tendo en conta que se adscribiron outros estudos como os estudos da Escola Naval de Marín, que están en estes momentos adscritos a universidade e dan un Grado universitario aínda que non son impartido en estrito senso pola universidade, pero si que o dan, están adscritos a universidade, e as escolas deportivas, os inefs, que tamén foron adscritos e tamén dan lugar a un grao universitario.

De maneira que os alumnos se foron matriculando tendo o convencemento de que no transcurso de esa promoción, des última promoción, na que agora vai finalizar, ían a obter un grao universitario. En medio de toda esa boráxine pois parece ser que houbo determinadas sentenzas de outras universidades que, claro, arrimando a ascua a súa sardiña, pretendía que a escola de restauración de Pontevedra non acadara o grao. Esas sentenzas, en principio, o que están dicindo, é que non se poden impartir graos fora da universidade, non que a universidade non poda adscribir a escola. A escola pode adscribir o que pasa e que non se poden dar graos de universidade se non se está adscrita.

A Xunta en estes momentos esta tirando balóns fora, e dicindo que quere que o Ministerio se decante e diga que un Real decreto que, non, bueno, tanto a LOE como a LOU como os borradores da LOMCE, ou sexa, toda a lexislación que había, que hai e que sabe Dios se vai a haber e esperemos que non haxa, pero polo menos a que hai neste momento, lle outorga a Xunta capacidade lexislativa suficiente para adscribir á Escola de restauración ou calquera estudo superior que considere, porque están transferidas estas competencias, e pode facelo, igual que fixo, como digo, ca Escola Naval de Marín ou con calquera outra. De maneira que o que pedimos con urxencia é que a Xunta faga uso das súas competencias, adscriba a escola de restauración e atenda ademais ás demandas que a comunidade educativa da escola de restauración está reclamando nestes últimos días. Bueno, leva reclamando moito tempo pola vía do diálogo pero que agora fíxoo público nestes últimos días a través da prensa.

Dicir que o acordo en si mesmo di: punto primeiro, demandar a Xunta de Galicia que faga uso das súas competencias en materia educativa e adscriba á universidade os estudos que se imparten na Escola Superior de Conservación e Restauración de



Bens Culturais de Pontevedra, e así se transforme en grao universitario como está acontecendo noutras universidades do estado. Instar a Xunta de Galicia a que atenda as demandas dos medios humanos e materiais presentados pola escola e que son necesarios para o desenvolvemento do estudos do grao universitario. Moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, algunha intervención?

Sra. Teso, ten a palabra.

A Sra. Rodríguez Teso: Moitas gracias Sr. Alcalde.

Aínda que nos colle un pouco de sorpresa a moción, vamos a comentar algunha cousiña.

O departamento educativo da Xunta de Galicia vai implantar no curso 13-14 o cuarto curso destas ensinanzas superiores, non sei se o saben, para o que a escola vai contar con tres profesores mais. Actualmente a ratio desta escola e de 3,4 alumnos por profesor, e o centro pertence a categoría A, a maior entre os centros educativos e o compromiso da Xunta de Galicia co seu alumnado queda patente no investimento de 14.000,00 euros ao ano por alumno. Os alumnos, que por certo é o maior de todas as ensinanzas artísticas que se imparten en Galicia, os alumnos pagarán arredor de catrocentos e pico de euros pola matrícula e deste custo anual os estudantes, que xa vos digo, van pagar catrocentos trinta e tres euros ao ano, o mais baixo de todo o estado español en este tipo de ensino.

No curso 2012-2013 este centro contou con 15 docentes e 51 estudantes. Entón o que nos preocupa de todo isto é que se no día de hoxe ese centro pasa a universidade ao mellor suporía que practicamente cos profesores de Belas Artes se puidese cubrir a oferta e entón que pasaría cos profesores que están agora impartindo Isto? Irían a calle? Porque ao mellor é o que pasaría, porque igual se cubren, debido a ratio tan pequena que hai, igual se cubren esas prazas cos profesores de Belas Artes, entón é un risco que ao mellor non interesa correr.

Despois en canto a LOMCE que comentaba vostede, na LOMCE aclarase a equivalencia destes estudos superiores aos grados, e dicir, estes estudantes terían os mesmo dereitos que os estudantes de grao. Iso é todo pola nosa parte.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias e os meus parabéns á portavoz do Partido Popular porque para collela así de sorpresa tiña unha cantidade de datos, iso é ciencia infusa eh?. Son parabéns.

Sra. Román ten a palabra.

A Sra. Román: Gracias Sr. Alcalde.

Bos días a todos, e nós vamos a apoiar a moción que presenta o grupo municipal do BNG e brevemente dicir que hai que darlle cobertura legal a unha escola que ven funcionando dende fai 22 anos, que sacaron promocións dunha gran calidade. Moitos dos que saíron da Escola de restauración hoxe están traballando no Museo do Louvre, están traballando en museos importantes de toda Europa, logo por tanto esa calidade esta xa recoñecida e o que trata e de darlle cobertura como se lle deu a outros estudos que en principio naceron como puido ser o Centro Galego de Tecnifica-

ción Deportiva, que iniciouse en importante, é unha actividade académica mais que temos na cidade e que temos que tratar de que se lle dea cobertura legal para que sigan dando esa boa profesionalidade que esta saíndo da escola de restauración que ademais é un complemento coa facultade de Belas Artes. Pola nosa parte nada mais. Moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias.

Sra. Fouces ten a palabra.

A Sra. Fouces: Eu encantada das noticias que nos trouxo a portavoz do PP, pero non é ese o obxecto da moción, é dicir, eu encantada de que se de o cuarto curso, de que se aposte, que se de diñeiro, que se cubran as necesidades que o equipo educativo pide e vamos, os acordos dos consellos escolares da escola non reflicten iso. Reflicten que están demandándolle a Consellería de Educación pois unha cobertura, sabemos que son uns estudos bastante peculiares, evidentemente non me pode dicir que vai a ter unha ratio de 25 por profesor, porque entón sería terrible, vaia, entendemos que a ratio ten que ser pequena, que os estudos son custosos, que hai un número moi limitado de prazas para facer eses estudos porque son moi custosos, e dicir, todo iso está perfecto, e si a Consellería decide apostar duramente por esa liña os nos parabéns e lle facemos a ola se fai falla pero a cuestión clara é: necesitan ser homologados como grado pero de verdade, non salir cun papel de condicionado de non son un grao porque hai sentenza do supremo clara que dí que os graos como tal so poden se impartidos pola universidade, entonces, a única saída que teñen este tipo de escolas superiores e ser adscritas pola universidade e non quedar aí no medio, nun limbo, aínda que aparentemente poidan saír cun papel de homologación de grao. Porque neste momento se vostede mira a convocatoria que fai o Museo do Prado para contratar a persoas desta titulación observa que tal como veñen nas bases da convocatoria do Museo do Prado, os alumnos de Pontevedra non se poden presentar porque non cumpren as características que noutros lugares onde están as escolas adscritas as universidades o teñen, entón o que pedimos é que a Xunta mova esa ficha crucial para o futuro da escola e que siga apostando como vostede di para que a escola siga tendo un bo funcionamento, e nada mais.

Incidencias.- Auséntase da sesión **don Demetrio Gómez Xunqueira**.

Rematado o debate e realizada votación ordinaria o Pleno do Concello, por maioría, co voto favorable de 12 concelleiros (os 10 concelleiros presentes do grupo municipal do BNG e os 2 concelleiros presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE) e a abstención de 11 concelleiros (os 11 concelleiros do grupo municipal do Partido Popular), acorda aprobar a moción anteriormente transcrita.

Incidencias.- Reincorpórase á sesión **don Demetrio Gómez Xunqueira**.

D) Control e seguimento do Goberno Local.

6.- DACIÓN DE CONTA E DEBATE, NO SEU CASO, DO INFORME DA TESOURERÍA DA CORPORACIÓN SOBRE O CUMPRIMENTO DO PRAZO DE PAGO



DAS OBRIGAS MUNICIPAIS, SEGUNDO ESTABLECE O ART. 4º.3 DA LEI 15/2010, ACOMPAÑADO DA RELACIÓN DE FACTURAS DO ÓRGANO DE XESTIÓN CONTABLE, SEGUNDO O ART. 5 DA MESMA LEI. 2º TRIMESTRE 2013. CONCELLO E ORGANISMOS AUTÓNOMOS.

O Sr. **Alcalde-Presidente**: O Sr. Concelleiro de Facenda ten a palabra para dar conta.

O Sr. **González Carballo**: Moitas grazas Sr. Alcalde. Este é dos informes trimestrais que emite tanto o Órgano de Tesouraría e Xestión Tributaria como de Xestión Orzamentaria como a Intervención Xeral. En todo caso o Pleno anterior, cando se presentou o anterior informe, o día 27 do 5, por motivos familiares non puideron asistir e lendo a acta dicía o Sr. Alcalde “que procuraremos que no próximo sea ao menos 29 días”. Eu lamento profundamente ter que contradicir ao alcalde porque o pago medio é de 24,59 días, e dicir, fomos tan respectuosos coa petición do Alcalde que conseguimos que aínda fora en menos días. Por tanto, deste informe, que é un informe técnico, non é feito por ningún órgano político, nin feito por este Concelleiro, se poden tirar as seguintes conclusións:

En primeiro lugar: que o Concello de Pontevedra paga, que xa non é pouco, que moitísimos por aí non pagan. E falando do seguinte, que podemos metelo no mesmo saco, se non lle importa ao Sr. Alcalde, o seguinte non, o outro.

O Sr. **Alcalde-Presidente**: Non me importa, non.

O Sr. **González Carballo**: Pois resulta que o Concello de Pontevedra non ten, a tenor do informe de intervención, ningunha factura pendente de pago, dentro do que di o novo decreto de pago a provedores e que o prazo medio de pago neste concello é de 24,59 día e tal como di o informe, utilizando un criterio restritivo no cómputo do prazo, porque hai aí, e dicir, como lexislan todos os días, cambian continuamente as leis, pois resulta que si se utilizara outro criterio que si se podería interpretar da propia lei, pois resulta que bueno casi pagamos antes do que corresponde porque serían trinta días mais trinta. De todas maneiras insisto o fundamental non é o informe en si se non que é que o Concello de Pontevedra paga.

Como saíu aquí no Pleno, digamos opinións ou xuízos de valor sobre as cuestións de estabilidade ou non estabilidade, eu paso a dar lectura ao informe asinado polo órgano de xestión orzamentaria de data 09/07/2013 que di: “tal e como se informou no seu día o Concello de Pontevedra está en situación de estabilidade orzamentaria, agora ben, logo das resposta 1 da consulta plantexada ao Órgano de Tutela Financieira da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e a vista do escenario orzamentario para 2013, se optou pola non declaración de perda de vixencia do PEF aprobado a pesares do superávit orzamentario obtido coa liquidación de 2012”.

Ben, estamos a falar de que o Sr. Moreira dixo que estabamos en inestabilidade, entón eu o único que lles pido é que sexan respectuosos cos técnicos municipais, e abstéñanse de emitir xuízos de valor sobre o traballo dos técnicos municipais, e o que din os técnicos municipais é que estamos en estabilidade e temos superávit. Nada mais moitas grazas.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas. Algunha intervención?

Sr. Abal ten a palabra.

O Sr. Abal González: Gracias Sr. Alcalde. Buenos días.

Yo ya no se que creerle Sr. Raimundo. En el mes de marzo nos anunciaba un superávit de doscientos mil euros luego nos encontramos con el informe del estado que tenemos el único concello de Galicia en déficit, son las mismas normas para todas, establecidas con el mismo criterio, y ahí salta, salta que tenemos déficit, cuatrocientos mil euros. Como estamos acostumbrados a que precocinen los datos yo no se que creerle con este informe de dación que nos trae hoy aquí. Yo le quiero recordar que el artículo 5 de la Ley 15/2010, que entro en vigor el 7 de julio del año 2010, obliga a las administraciones locales a pagar en treinta días de plazo, desde esa fecha en todos y cada uno de los tres últimos años los hemos venido incumpliendo, es decir, hemos tardado tres años, tres años, con toda la bonanza y todo lo que presume usted de economía en este Concello, tres años en poder pagar dentro de plazo y aun así hay todavía un millón doscientos un mil euro con setecientos veintiocho coma cuarenta y cuatro euros pagados fuera de plazo, con un periodo medio de 18,41 días. Hablaban del IBI antes ustedes de la Diputación, le encanta hablar de la Diputación, pues sepa usted que la Diputación, con toda la carga burocrática que tiene, muchísima mayor que el Concello de Pontevedra, tiene un periodo medio de pago de 18 días, o sea que a ver si en el próximo trimestre nos vamos acercando a los 18 días. Nada mas.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas Sr. Abal.

Sr. González Carballo ten a palabra.

O Sr. González Carballo: Eu xa sei que vostede e novo nestas lides e vámosllo a consentir porque é normal que estea aprendendo, e quérolle recordar que o grupo municipal do Partido Popular cunha persoa que tiña mais formación, vostede está collendo, pero que tiña moita mais formación que vostede, no terceiro trimestre me felicitou expresamente porque estabamos conseguindo un período de pago medio de 39,24 días e consta na acta a felicitación expresa, e por que o dicía, pois o dicía porque resulta que antes o período medio de pago era mais tempo, despois se reduciu a 40 días e este ano é cando empeza o de 30. É que eu non teño ningún problema en que vostede veña e eu lles conto as cousas todas as que queira que eu lles axudo que a min me parece bo que haxa un portavoz económico da oposición que se entere das cousas e por tanto eu, a miña pouca formación económica, non teño ningún problema en facilitarlla. Pero lle pido tamén, aparte de iso, que lea as cousas, e vostede lea as cousas, e o informe do órgano de tesouraría di iso, entón vostedes len unha nota de prensa e entón xa se poñen un pelín nerviosos, pero fáganlle caso aos técnicos municipais que teñen unha formación acogonante e á parte o poñen aquí. Sí, teñen bastante mais que vostede e eu xuntos. Bastante mais. E entón dí que estamos en estabilidade e están dicindo que hai superavit e non só iso senón que non é dous centos mil, porque resulta que logo das consultas non houbo que computar a empresa municipal de turismo e é de 529963,75. Iso é o que pon o informe de 9 de xullo, de o outro día, e dicir, de hai nada, entón, non é a miña opinión. Como comprenderá eu non levo os libros de contas, en todo caso as cuestións e índole xeral, e



é o que din os técnicos, por tanto insisto, séxame respetuoso cos técnicos municipais, tanto de contratación, como de intervención como outros moitos e non soltes digamos esas cousas que o único que fan é ofender o seu traballo. Moitas grazas.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas Sr. González Carballo.
Sr. Abal ten a palabra.

O Sr. Abal: Sr. González no le voy a permitir que dude de mi formación, no se si la conoce pero le sugiero que la observe que a lo mejor se lleva una sorpresa. Por ahí no se lo voy a permitir, ningún desprecio a ese aspecto académico de mi vida personal, ninguno, así que no me intente amedrentar por esa opción.

Mire, Sr. Raimundo, yo le pregunté aquí en Pleno antes de que saliera la nota de prensa, le dije, tiene el Plan Económico Financiero prorrogado, le dije que tenía una oportunidad única en el Peno de explicárselo a los pontevedreses, usted se negó, usted se negó, y luego viene el estado con el mismo reglamento, las mismas normas para todos los concellos de Galicia y dice que tenemos déficit, y gracias a ese déficit tenemos el plan económico y financiero prorrogado, usted véndalo como quiera, véndalo como quiera y se interpretar las consultas perfectamente todas las consultas y ese superavit hace alusión concreto a una consulta, a una consulta, y si quiere entramos a analizar en detalle esa consulta, o sea que no siga disfrazando los datos. Nada mas Sr. Raimundo.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas Sr. Abal.
Sr. González Carballo moi brevemente.

O Sr. González: Ánimo de ofender ningún. Ánimo de colaborar e tal. Aquí ten a miña dispoñibilidade, cando queira e como queira, primeira cuestión. Segunda cuestión: o Concello de Pontevedra paga, o Concello de Pontevedra non ten déficit, o Concello de Pontevedra é dos menos endebedados do Estado, despois de Bilbao e Huesca. Iso é a cruda realidade. O único que lles pido é, pero que mal lle fai que vaian ben as contas?. Se un día queren gobernar impórtalle que estean ben. E están empeñados en que van mal, están empeñados en que van mal, pois non, van ben, afortunadamente, nunha situación como esta. Entón bueno, pois, súmense ao carro, súmense ao carro e fágalle caso aos informes dos técnicos municipais, non lle pido nada mais pero o Concello de Pontevedra paga e paga en prazo. Iso é a cruda realidade. Moitas grazas.

Rematado o debate, o Pleno do Concello toma coñecemento dos informes da Tesorería da Corporación sobre o cumprimento do prazo de pago das obrigas municipais, segundo establece o art. 4º.3 da Lei 15/2010, acompañado da relación de facturas do Órgano de Xestión Contable, segundo o art. 5 da mesma lei. 2º Trimestre 2013, Concello e Organismos Autónomos.

7.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA, DITADA NO PROCEDIMENTO ORDINARIO 379/2012. RECURSO PRESENTADO POR DON JACOBO MOREIRA

FERRO, CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, CONTRA O ACORDO DO PLENO DO CONCELLO DE 23.07.2012 SOBRE A APROBACIÓN DA MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO BNG E PSDEG-PSOE, RELATIVA AO RÉXIME DE DEDICACIÓNS E RETRIBUCIÓNS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

O Pleno do Concello toma coñecemento de Sentenza do Xulgado do contencioso-administrativo nº 2 de Pontevedra, ditada no procedemento ordinario 379/2012. Recurso presentado por don Jacobo Moreira Ferro, concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, contra o acordo do Pleno do Concello de 23.07.2012 sobre a aprobación da moción conxunta dos grupos municipais do BNG e PSdeG-PSOE, relativa ao réxime de dedicacións e retribucións da Corporación municipal.

8.- DACIÓN DE CONTA DE INFORME DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL SOBRE INEXISTENCIA DE OBRIGAS MUNICIPAIS PENDENTES DE PAGAMENTO ANTERIORES A 31.05.2013, EN CUMPRIMENTO DO ARTIGO 16, DO REAL DECRETO-LEI 8/2013, DE 28 DE XUÑO, DE MEDIDAS URXENTES CONTRA A MOROSIDADE DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E DE APOIO A ENTIDADES LOCAIS.

O Pleno do Concello toma coñecemento de informe da Intervención municipal sobre inexistencia de obrigas municipais pendentes de pagamento anteriores a 31.05.2013, en cumprimento do artigo 16, do Real decreto-lei 8/2013, de 28 de xuño, de medidas urxentes contra a morosidade das administracións públicas e de apoio a entidades locais.

9.- COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓNS E DECRETOS.

O Pleno do Concello toma coñecemento dos decretos ditados pola Alcaldía e resolucións ditadas polos Concelleiros de Goberno durante o mes de xuño de 2013, así como das resolucións ditadas polos órganos directivos durante o mes de maio de 2013.

10.- PREGUNTAS.

A) PREGUNTA DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, D. JACOBO MOREIRA FERRO, REFERENTE ACTUACIÓNS DO CONCELLO COMO MEDIADOR NO CONFLITO EXISTENTE ENTRE O MINISTERIO DE DEFENSA E A COMUNIDADE DE MONTES DE SALCEDO.

O **Sr. Moreira**: Moitas grazas, Sr. Presidente.

Como vostede ben sabe, o 25 de xuño deste ano aprobouse aquí un acordo polo que se lle obriga a vostede a mediar entre o Ministerio de Defensa e a Comunidade de Montes de Salcedo en relación ao conflito que existe sobre a negociación do canon. Ben, ten vostede que explicarnos aquí no Pleno, que pasos ten dado ata o de agora, xa vai pronto transcorrer un mes, que pasos ten dados para cumprir ese acordo, ese mandato plenario que lle vincula, como non pode ser de outra maneira. Nós o que



pensamos e que ten xa que abandonar, Sr. Alcalde, ese rol de simple espectador que está amosando neste conflito, unha postura que é contraria a vontade popular aprobada aquí no Pleno no acordo mencionado e que non fai outra cousa que lembrar esa pose antimilitarista non que xa no ano 87 lle levou a vostede mesmo a rexeitar a chegada da Brilat a Figueirido, pero de aquela era vostede concelleiro da oposición e hoxe é Alcalde, polo tanto creo que compre que vostede hoxe aquí lle explique a toda a corporación que pasos ten dado para cumprir ese mandato plenario. Nada mais e moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias Sr. Moreira.

Llo explico facilmente, mellor dito, quedou xa explicada a miña posición claramente no pleno anterior non?, e en todo caso voulle dicir que fixen o que tiña que facer para que as cousas vaian polo camiño que teñen que ir, que ademais están, dende o meu punto de vista, indo ao seu, e iso é o que lle vou a contestar. Fixen o que tiña que facer. Moitas gracias.

O Sr. Moreira: Estará vostede comigo en que iso non é unha resposta propia dun Alcalde responsable, eu creo que se nos lle demos un mandato para que vostede actuara o mínimo é render contas de cal é a súa xestión. O que nos sabemos e que o que tiña que facerse segundo vostede é nada e iso non é o que lle dixemos no Pleno do Concello de Pontevedra, polo tanto se vostede fixo o que tiña que facer e o que tiña que facer é nada, dende logo non concordamos nese punto.

O Sr. Alcalde-Presidente: Non, non dixen que non fixen nada.

O Sr. Moreira: Pedímoslle que nos diga particularmente, ata onde poida que xestións fixo para que todos podamos valorar se cumpriu ou non cumpriu o mandato plenario. Nada mais e moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias. Reitero a miña opinión, non dixen que non fixera nada, dixen que fixen o que tiña que facer. E nada mais.

O Sr. Alcalde-Presidente: Algunha outra pregunta?
Non hai mais preguntas.

11.- ROGOS.

Non se formularon rogos.

O Sr. Alcalde-Presidente deu por finalizada a sesión, sendo ás 13:38 horas, de todo o que eu, Secretario Xeral do Pleno, dou fe.

Visto e praxe

O Alcalde,

O Secretario Xeral do Pleno,

Miguel Anxo Fernández Lores.

José Luis Mato Rodríguez.